# 1.

# PANORAMA ECONÓMICO


1.1.
CONTEXTO ECONÓMICO XERAL

1.2.
CADRO MACROECONÓMICO DE GALICIA

1.3.
MARCO ORZAMENTARIO

1.4.
EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA

1.5.
PROCESO DE CONVERXENCIA

# 1.1.

# CONTEXTO ECONÓMICO XERAL

**A economía mundial continúa** experimentando unha ralentización do seu crecemento no ano 2013, se ben no segundo semestre do ano repunta a actividade económica. Segundo os datos do Fondo Monetario Internacional (FMI) a taxa de crecemento da economía mundial no último ano foi de 3%, dúas décimas menos que no ano anterior, sendo esta porcentaxe de 3,7% no segundo semestre.

Este crecemento foi xeneralizado nas economías avanzadas aínda que se manteñen as distintas velocidades de recuperación entre os países emerxentes e en desenvolvemento, Estados Unidos e os países de Europa e a zona euro. Mentres que no conxunto de economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento a actividade acada unha taxa de crecemento do 4,7%, nas economías avanzadas situouse no 1,3% e nos EEUU no 1,9%. Por contra, na zona euro a contracción económica foi do 0,5% influenciado, entre outros aspectos, polas altas taxas de desemprego, o baixo nivel de investimento ou as condicións restritivas do crédito.

O devandito organismo internacional estima que a economía española rexistrou en 2013 unha taxa de variación interanual do seu PIB real do –1,2%, un comportamento peor que o conxunto da economía da zona euro (–0,5%). En relación aos datos do exercicio anterior, cómpre salientar a achega negativa da demanda interna real (2,7 puntos), condicionada polas políticas de contención do déficit, as elevadas taxas de desemprego e un limitado acceso ao crédito.

## Panorama económico internacional

Tras un sólido incremento no ano 2010 (5,2%), favorecido pola implementación de medidas de impulso económico así coma pola normalización das condicións financeiras e de confianza dos axentes económicos, a economía mundial continúa coa desaceleración do seu ritmo de crecemento. O FMI estima unha taxa de variación do PIB mundial para o ano 2013 do 3%, dúas décimas menos que no ano anterior.

Tal como ven acontecendo dende o comezo da

crise financeira global, os seus efectos e o ritmo de recuperación é dispar temporal e xeograficamente, distinguindo entre as fortes taxas de crecemento dos países emerxentes e as máis débiles das economías avanzadas en contraste coas taxas negativas na zona euro. Aínda que o incremento das exportacións afianzouse, o da demanda interna mantívose practicamente invariable.

Os países desenvolvidos acusan as taxas negativas de variación do PIB da zona euro e o FMI reflicte para estes países unha taxa de crecemento do 1,3% no ano 2013, unha décima menos que no ano anterior. Como reflicte o **cadro 1.1.1.**, a demanda interna real total das economías avanzadas expándese un 1%, en relación ao ano anterior, consecuencia dun incremento do consumo privado (1,3%), e do incremento do investimento do 0,9%, reducíndose o gasto en consumo público un 0,1% en relación ao ano anterior.

Estados Unidos presenta unha ralentización da súa taxa de crecemento interanual do PIB real, que se sitúa no 1,9%, oito décimas inferior á do ano anterior, estimándose un novo reponte no 2014 tralos aumentos das existencias ao longo de 2013 e impulsado pola dinámica da demanda interna final e respaldado pola redución da presión fiscal. Con este crecemento a taxa de paro continuou descendendo e se sitúa no 7,4%, medio punto porcentual menos que no conxunto das economías avanzadas.

A actividade produtiva de Xapón consolidou a recuperación iniciada en 2012 despois dos trastornos derivados do terremoto de marzo de 2011. No ano 2013 a economía xaponesa incrementa o seu PIB real nun 1,5% en relación ao ano anterior, unha décima máis que en 2012. O FMI estima que a pesar do comportamento do consumo privado e do gasto público, o PIB desacelerouse no segundo semestre do ano a causa da lenta recuperación das exportacións e do aumento das importacións.

O crecemento das economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento sitúase en 2013 no 4,7%, dúas décimas menos que no ano anterior, porcentaxe significativamente por baixo do estimado para as economías asiáticas en desenvolvemento, cun 6,5%. O PIB chinés repunta con forza no segundo semestre do ano, en grande medida grazas á aceleración do investimento, situándose a súa medra media anual no 7,7%, mentres que en India o crecemento se reavivou tras unha tempada de monzóns favorábel e un aumento máis marcado das exportacións, acadando o 4,4%.

Fronte ás previsións de crecemento que se apuntan para Estados Unidos, Xapón ou para o conxunto das economías avanzadas, as perspectivas para a zona euro seguen apuntando a unha contracción do seu PIB en torno ao 0,5% para o ano 2013. Cómpre salientar que no segundo semestre do ano a zona euro sae da recesión económica motivado en parte por un menor freo fiscal, un certo ímpeto da demanda privada interna por primeira vez dende o ano 2010 e das exportacións. O FMI estima que no ano 2014 a actividade económica medre en torno ao 1%.

No continente europeo, a evolución foi desigual entre os países. Xunto ás taxas de variación interanuais negativas do PIB real para o ano 2013 nos países do sur de Europa (Italia –1,9%; Grecia –3,9%; Portugal –1,4% e España –1,2%), as economías avanzadas europeas como Alemaña ou Francia presentan crecementos do 0,5% e 0,3%, respectivamente. No resto dos países cómpre salientar a contracción experimentada en Chipre ou Finlandia, cun descenso do seu PIB do 5,4 e 1,4%, respectivamente, ou Holanda, co –0,8%. Por contra, Letonia experimenta a medra máis importante, co 4,1%, seguido por Malta e Luxemburgo, co 2,4% e 2%.

## Economía internacional 2011-13: evolución dos principais indicadores

| | 2011 | 2012 | 2013 |
|---|---|---|---|
| **Produto Interior Bruto real** | | | |
| Economía mundial | 3,9 | 3,2 | 3,0 |
| Economías avanzadas | 1,7 | 1,4 | 1,3 |
| EE.UU. | 1,8 | 2,8 | 1,9 |
| Xapón | -0,5 | 1,4 | 1,5 |
| Zona Euro | 1,6 | -0,7 | -0,5 |
| Alemaña | 3,4 | 0,9 | 0,5 |
| Francia | 2,0 | 0,0 | 0,3 |
| Italia | 0,4 | -2,4 | -1,9 |
| España | 0,1 | -1,6 | -1,2 |
| Países emerxentes e en desenvolvemento | 6,3 | 5,0 | 4,7 |
| China | 9,3 | 7,7 | 7,7 |
| India | 7,7 | 4,7 | 4,4 |
| **Demanda interna real total** | | | |
| Economías avanzadas | 1,4 | 1,1 | 1,0 |
| EE.UU. | 1,7 | 2,6 | 1,7 |
| Xapón | 0,4 | 2,3 | 1,8 |
| Zona Euro | 0,7 | -2,2 | -1 |
| Alemaña | 2,8 | -0,2 | 0,5 |
| Francia | 2,0 | -0,9 | 0,4 |
| Italia | -0,9 | -5,1 | -3,0 |
| España | -2,0 | -4,1 | -2,7 |
| **Gasto en consumo privado** | | | |
| Economías avanzadas | 1,5 | 1,2 | 1,3 |
| EE.UU. | 2,5 | 2,2 | 2,0 |
| Xapón | 0,3 | 2,0 | 1,9 |
| Zona Euro | 0,3 | -1,4 | -0,7 |
| Alemaña | 2,3 | 0,7 | 1,0 |
| Francia | 0,6 | -0,3 | 0,4 |
| Italia | -0,3 | -4,0 | -2,6 |
| España | -1,2 | -2,8 | -2,1 |
| **Gasto en consumo público** | | | |
| Economías avanzadas | -0,7 | 0,3 | -0,1 |
| EE.UU. | -2,7 | -0,2 | -2,0 |
| Xapón | 1,2 | 1,7 | 2,2 |
| Zona Euro | 0,6 | -0,5 | 0,2 |
| Alemaña | 1,3 | 1,0 | 0,7 |
| Francia | 1,8 | 1,4 | 1,7 |
| Italia | -0,4 | -2,6 | -0,8 |
| España | 1,5 | -4,8 | -2,3 |
| **Formación bruta de capital** | | | |
| Economías avanzadas | 2,5 | 1,9 | 0,9 |
| EE.UU. | 3,4 | 5,5 | 2,9 |
| Xapón | 1,4 | 3,4 | 2,6 |
| Zona Euro | 1,6 | -4,1 | -3 |
| Alemaña | 7,0 | -1,4 | -0,6 |
| Francia | 3,0 | -1,2 | -2,1 |
| Italia | -2,2 | -8,0 | -4,7 |
| España | -5,4 | -7,0 | -5,1 |

**(consulta: 17-04-2014)**

Fonte: *Fondo Monetario Internacional*

**1.1.1.a.**

**Economía internacional 2011-13: evolución dos principais indicadores (cont.)**

| | 2011 | 2012 | 2013 |
|---|---|---|---|
| **IPC** *(medias anuais)* | | | |
| Economías avanzadas | 2,7 | 2,0 | 1,4 |
| EE.UU. | 3,1 | 2,1 | 1,5 |
| Xapón | -0,3 | 0,0 | 0,4 |
| Zona Euro | 2,7 | 2,5 | 1,3 |
| Alemaña | 2,5 | 2,1 | 1,6 |
| Francia | 2,3 | 2,2 | 1,0 |
| Italia | 2,9 | 3,3 | 1,3 |
| España | 3,1 | 2,4 | 1,5 |
| Países emerxentes e en desenvolvemento | | | |
| China | 5,4 | 2,6 | 2,6 |
| India | 9,6 | 10,2 | 9,5 |
| **Produtividade laboral** (1) | | | |
| Economías avanzadas | 1,3 | 1,0 | 1,1 |
| EE.UU. | 1,0 | 1,8 | 1,8 |
| Xapón | -1,8 | 1,2 | -1,1 |
| Zona Euro | 2,2 | 0,4 | 0,4 |
| **Taxa de desemprego** | | | |
| Economías avanzadas | 8,0 | 8,0 | 7,9 |
| EE.UU. | 8,9 | 8,1 | 7,4 |
| Xapón | 4,6 | 4,3 | 4,0 |
| Zona Euro | 10,2 | 11,4 | 12,1 |
| Alemaña | 6,0 | 5,5 | 5,3 |
| Francia | 9,6 | 10,2 | 10,8 |
| Italia | 8,4 | 10,7 | 12,2 |
| España | 21,7 | 25,0 | 26,4 |

(1) medida coma o cociente entre a remuneración por hora e o custo unitario da man de obra

(consulta: 17-04-2014)

Fonte: *Fondo Monetario Internacional*

**1.1.1.b.**

Na zona euro no ano 2013 prodúcese un novo descenso interanual da demanda interna real de 1,0% que se suma á caída de 2,2 puntos porcentuais en 2012, motivado pola caída do consumo privado nun 0,7% (–1,4% no ano anterior) e pola variación negativa da formación bruta de capital nun 3% (4,1% no ano 2012).

Fóra da zona euro, a actividade do Reino Unido, estimulada pola mellora das condicións de crédito e o fortalecemento da confianza, rexistrou unha medra do 1,7%, case punto e medio por riba do estimado no ano anterior. Para os anos 2014 e 2015 o FMI estima medras superiores ao 2%.

O nivel xeral de inflación diminuíu en todas as rexións, grazas ao descenso dos prezos das materias primas. A inflación baixou tanto nas economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento como nas economías avanzadas (1,4%).

Un elemento fundamental polo seu efecto nos prezos xerais é a evolución do prezo de petróleo. Con carácter xeral, o prezo de entrega do petróleo Brent presenta unha lixeira tendencia decrecente ao longo do ano 2013 en relación co acontecido en 2012, acadándose nos meses de xaneiro, xuño, xullo e decembro prezos medios superiores aos de 2012. O máximo anual acádase o




Fonte: *US Energy Information Administration*

1.1.2.




Fonte: *Banco de España*

1.1.3.

15 de febreiro, con 118,10 dólares e o mínimo o 19 de abril, con 98,09 dólares.

A moderación do crecemento das economías avanzadas, reflectida na evolución do PIB real, trae como consecuencia directa a caída nunha décima na taxa de desemprego no conxunto das economías avanzadas (7,9% en 2013). Esta taxa media oculta diferenzas fundamentais entre países, xa que mentres en Xapón se sitúa no 4% e en EEUU no 7,4%, nos países da zona euro sitúase no ano 2013 no 12%, máis de 4 puntos por riba da media do conxunto das economías avanzadas. As taxas de paro máis elevadas rexistrá-

**Indicadores macroeconómicos dos Estados membros da UE 2011-13 e previsións para 2014**

| | PIB | | | | Inflación media (1) | | | | Desemprego | | | | Déficit Público (2) | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 |
| | | | | | | | | (taxa de variación anual) | | | | | | | | |
| Bélxica | 1,8 | -0,1 | 0,2 | 1,4 | 3,4 | 2,6 | 1,2 | 0,9 | 7,2 | 7,6 | 8,4 | 8,5 | -3,7 | -4,0 | -2,7 | -2,6 |
| Bulgaria | 1,8 | 0,6 | 0,9 | 1,7 | 3,4 | 2,4 | 0,4 | 0,5 | 11,3 | 12,3 | 13,0 | 12,7 | -2,0 | -0,8 | -1,9 | -1,9 |
| Rep. Checa | 1,8 | -1,0 | -0,9 | 1,8 | 2,1 | 3,5 | 1,4 | 1,0 | 6,7 | 7,0 | 7,0 | 6,8 | -3,2 | -4,4 | -2,7 | -2,8 |
| Dinamarca | 1,1 | -0,4 | 0,4 | 1,7 | 2,7 | 2,4 | 0,5 | 1,5 | 7,6 | 7,5 | 7,0 | 6,9 | -1,9 | -3,8 | -0,3 | -1,3 |
| Alemaña | 3,3 | 0,7 | 0,4 | 1,8 | 2,5 | 2,1 | 1,6 | 1,4 | 5,9 | 5,5 | 5,3 | 5,2 | -0,8 | 0,1 | -0,1 | 0,0 |
| Estonia | 9,6 | 3,9 | 0,8 | 2,3 | 5,1 | 4,2 | 3,2 | 1,8 | 12,3 | 10,0 | 8,6 | 8,3 | 1,1 | -0,2 | -0,4 | -0,4 |
| Irlanda | 2,2 | 0,2 : | | 1,8 | 1,2 | 1,9 | 0,5 | 0,8 | 14,7 | 14,7 | 13,1 | 11,9 | -13,1 | -8,2 | -7,2 | -4,8 |
| Grecia | -7,1 | -7,0 | -3,9 | 0,6 | 3,1 | 1,0 | -0,9 | -0,6 | 17,7 | 24,3 | 27,3 | 26,0 | -9,5 | -9,0 | -13,1 | -2,2 |
| España | 0,1 | -1,6 | -1,2 | 1,0 | 3,1 | 2,4 | 1,5 | 0,3 | 21,7 | 25,0 | 26,4 | 25,7 | -9,6 | -10,6 | -7,2 | -5,8 |
| Francia | 2,0 | 0,0 | 0,2 | 1,0 | 2,3 | 2,2 | 1,0 | 1,2 | 9,2 | 9,8 | 10,3 | 11,0 | -5,3 | -4,8 | -4,2 | -4,0 |
| Croacia | -0,2 | -1,9 | -1,0 | 0,5 | 2,2 | 3,4 | 2,3 | 1,3 | 13,5 | 15,9 | 17,2 | 17,6 | -7,8 | -5,0 | -6,0 | -5,4 |
| Italia | 0,4 | -2,4 | -1,9 | 0,6 | 2,9 | 3,3 | 1,3 | 0,9 | 8,4 | 10,7 | 12,2 | 12,6 | -3,8 | -3,0 | -3,0 | -2,6 |
| Chipre | 0,4 | -2,4 | -5,4 | -4,8 | 3,5 | 3,1 | 0,4 | 0,4 | 7,9 | 11,9 | 15,9 | 19,2 | -6,3 | -6,3 | -5,5 | -5,8 |
| Letonia | 5,3 | 5,2 | 4,1 | 4,2 | 4,2 | 2,3 | 0,0 | 1,9 | 16,2 | 15,0 | 11,9 | 10,5 | -3,6 | -1,3 | -1,3 | -1,0 |
| Lituania | 6,0 | 3,7 | 3,3 | 3,5 | 4,1 | 3,2 | 1,2 | 1,1 | 15,4 | 13,4 | 11,8 | 10,4 | -5,5 | -3,2 | -2,7 | -2,3 |
| Luxemburgo | 1,9 | -0,2 : | | 2,2 | 3,7 | 2,9 | 1,7 | 1,5 | 4,8 | 5,1 | 5,8 | 6,0 | 0,1 | -0,6 | -0,2 | -0,5 |
| Hungría | 1,6 | -1,7 | 1,1 | 2,1 | 3,9 | 5,7 | 1,7 | 1,2 | 10,9 | 10,9 | 10,2 | 9,6 | 4,3 | -2,0 | -2,4 | -3,0 |
| Malta | 1,6 | 0,6 | 2,4 | 2,1 | 2,5 | 3,2 | 1,0 | 1,2 | 6,5 | 6,4 | 6,5 | 6,4 | -2,8 | -3,3 | -3,0 | -2,7 |
| Holanda | 0,9 | -1,2 | -0,8 | 1,0 | 2,5 | 2,8 | 2,6 | 1,1 | 4,4 | 5,3 | 6,7 | 7,4 | -4,3 | -4,1 | -3,1 | -3,2 |
| Austria | 2,8 | 0,9 : | | 1,5 | 3,6 | 2,6 | 2,1 | 1,8 | 4,2 | 4,3 | 4,9 | 4,8 | -2,5 | -2,5 | -1,7 | -2,1 |
| Polonia | 4,5 | 2,0 | 1,6 | 2,9 | 3,9 | 3,7 | 0,8 | 1,4 | 9,7 | 10,1 | 10,3 | 10,3 | -5,0 | -3,9 | -4,4 | 5,0 |
| Portugal | -1,3 | -3,2 | -1,4 | 0,8 | 3,6 | 2,8 | 0,4 | 0,8 | 12,9 | 15,9 | 16,5 | 16,8 | -4,3 | -6,4 | -5,9 | 4,0 |
| Rumanía | 2,3 | 0,6 | 3,5 | 2,3 | 5,8 | 3,4 | 3,2 | 0,9 | 7,4 | 7,0 | 7,3 | 7,2 | -5,5 | -3,0 | -2,6 | -2,2 |
| Eslovenia | 0,7 | -2,5 | -1,1 | -0,1 | 2,1 | 2,8 | 1,9 | 0,8 | 8,2 | 8,9 | 10,1 | 10,8 | -6,3 | -3,8 | -14,9 | -3,9 |
| Eslovaquia | 3,0 | 1,8 | 0,9 | 2,3 | 4,1 | 3,7 | 1,5 | 0,7 | 13,7 | 14,0 | 14,2 | 13,9 | -5,1 | -4,5 | -2,5 | -3,3 |
| Finlandia | 2,8 | -1,0 | -1,4 | 0,2 | 3,3 | 3,2 | 2,2 | 1,7 | 7,8 | 7,7 | 8,2 | 8,3 | -0,7 | -1,8 | -2,4 | -2,5 |
| Suecia | 2,9 | 0,9 | 1,5 | 2,5 | 1,4 | 0,9 | 0,4 | 0,9 | 7,8 | 8,0 | 8,0 | 7,7 | 0,2 | -0,2 | -1,1 | -1,5 |
| Reino Unido | 1,1 | 0,3 | 1,7 | 2,5 | 4,5 | 2,8 | 2,6 | 2,0 | 8,0 | 7,9 | 7,5 | 6,8 | -7,7 | -6,1 | -6,3 | -5,2 |
| Zona Euro | 1,6 | -0,7 | -0,4 | 1,2 | 2,7 | 2,5 | 1,4 | 1,0 | 10,1 | 11,3 | 12,0 | 12,0 | -4,2 | -3,7 | -3,1 | -2,6 |
| UE-27 | 1,7 | -0,4 | 0,1 | 1,5 | 3,1 | 2,6 | 1,5 | 1,2 | 9,6 | 10,4 | 10,8 | 10,7 | -4,4 | -3,9 | -3,5 | -2,7 |

(1) IPC armonizado (2005=100) ou IPC nacional cando o primeiro non está dispoñible
(2) capacidade (+) necesidade (-) de financiamento das AA.PP. en porcentaxe do PIB

Fonte: *Comisión Europea*

**1.1.4.**

**Débeda pública nas economías europeas 2008-13**




(1) débeda pública como porcentaxe do PIB

Fonte: *EUROSTAT*

**1.1.5.**

**Plan Nacional de Reformas de España 2013: áreas prioritarias e eixos de actuación**

| Áreas prioritarias | Eixos de actuación |
|---|---|
| **• Proseguir un saneamento fiscal diferenciado e favorecedor do crecemento.** | 1. Mellora da gobernanza económica: autoridade independente de responsabilidade fiscal e loita contra a morosidade.<br>2. Medidas de consolidación fiscal.<br>3. Mellora da eficiencia e calidade do gasto público.<br>4. Loita contra o fraude fiscal e laboral. |
| **• Restablecer as condicións normais de préstamo á economía.** | |
| **• Fomentar o crecemento e a competitividade actual e futura.** | 1. Aumentar a flexibilidade da economía: Lei de desindexación da economía española.<br>2. Garantir un entorno favorable aos emprendedores, facilitando o inicio e o desenvolvemento de proxectos empresariais e apoiando a súa internacionalización.<br>3. Capital humano.<br>4. Impulso da innovación e as novas tecnoloxías.<br>5. Garantir un funcionamento competitivo e eficiente dos mercados.<br>6. Mellorar a eficiencia e competitividade dos sistemas loxísticos.<br>7. Crecemento respectuoso co medio ambiente e loita contra os efectos do cambio climático.<br>8. Impulsar a competitividade dos sectores. |
| **• Loitar contra o desemprego e as consecuencias sociais da crise.** | 1. Mercado de traballo e políticas activas de emprego.<br>2. Inclusión social. |
| **• Modernizar a administración pública.** | 1. Racionalización e eliminación de duplicidades.<br>2. Transparencia da administración pública.<br>3. Impulso da administración electrónica e redución de cargas.<br>4. Mellorar a calidade, independencia e eficiencia dos sistemas xudiciais. |

**1.1.6.**

ronse en Grecia e España, cun 27,3% e 26,4% respectivamente, e as máis reducidas en Austria e Alemaña, cun 5,3% e 4,9%, segundo datos da Comisión Europea (**cadro 1.1.4.**).

Co obxectivo de sentar as bases para o cumprimento dos obxectivos da Estratexia Europa 2020, o Plan Nacional de Reformas do Reino de España (PNR) correspondente ao ano 2013 identifica cinco áreas prioritarias para apoiar o crecemento: consolidación fiscal; restablecemento do financiamento á economía; reformas estruturais; afrontar o desemprego e as consecuencias sociais da crise; e modernización da Administración Pública (**cadro 1.1.6.)**

Na liña do PNR do ano anterior, afonda nas reformas iniciadas en 2012 coa novidade de que se incide en maior medida naqueles elementos que maiores restricións supoñen ao crecemento. Para o caso de España estas restricións céntranse especificamente na dificultade de acceso ao financiamento das empresas, especialmente nas pemes, a necesidade dun entorno máis favorable aos emprendedores e as consecuencias sociais da crise económica.

## Panorama económico de España

Ao longo do ano 2013, o retroceso da actividade económica vai sendo cada vez menor, rexistrando no cuarto trimestre a taxa de variación interanual máis reducida dende o cuarto trimestre de 2011. Con todo, o PIB presentan nove trimestres consecutivos de contracción económica.

No segundo semestre do ano as taxas de variación intertrimestrais sitúanse en positivo, polo que se considera que sae tecnicamente da recesión. No conxunto do ano 2013, o produto inte-

**PIB en Galicia e España 2008-13 (1): evolución**




(1) PIBpm, índices de volume encadenados, base 2008; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 27-02-2014)

Fonte: *INE* e *IGE*

**1.1.7.**

**PIB en España 2012-13: distribución segundo as súas compoñentes** (1)

| | 2012 | 2013 | 2012 I | 2012 II | 2012 III | 2012 IV | 2013 I | 2013 II | 2013 III | 2013 IV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(taxas de variación interanual)* | | | | | | | |
| **Gasto en consumo final** | -3,3 | -2,1 | -2,6 | -3,4 | -3,3 | -3,9 | -3,7 | -3,1 | -1,2 | -0,3 |
| Gasto en consumo final dos fogares | -2,8 | -2,1 | -1,8 | -3,1 | -2,8 | -3,6 | -4,2 | -3,0 | -1,8 | 0,7 |
| Gasto en consumo final das ISFLSH | -0,2 | -0,1 | -0,1 | -0,4 | -0,0 | -0,2 | -1,0 | -0,4 | 0,1 | 0,9 |
| Gasto en consumo final das AA.PP. | -4,8 | -2,3 | -4,9 | -4,4 | -4,9 | -5,0 | -2,3 | -3,4 | 0,2 | -3,5 |
| **Formación bruta de capital fixo** | -7,0 | -5,1 | -6,0 | -6,9 | -7,5 | -7,7 | -7,2 | -5,8 | -5,3 | -1,7 |
| Activos fixos materias | -7,8 | -5,5 | -6,8 | -7,6 | -8,6 | -8,3 | -7,9 | -6,1 | -5,6 | -2,5 |
| Construción | -9,7 | -9,6 | -8,6 | -9,3 | -10,9 | -10,0 | -9,8 | -10,1 | -9,8 | -8,6 |
| Bens de equipo e activos cultivados | -3,9 | 2,2 | -2,9 | -4,3 | -3,8 | -4,8 | -4,1 | 1,7 | 2,2 | 9,5 |
| Activos fixos inmateriais | 2,9 | -0,2 | 3,6 | 2,6 | 4,8 | 0,4 | -0,3 | -3,3 | -2,9 | 6,0 |
| **Variación de existencias** (2) | -0,0 | -0,0 | -0,1 | -0,0 | 0,0 | 0,1 | -0,0 | -0,1 | -0,1 | -0,0 |
| **Demanda interna** (2) | -4,1 | -2,7 | -3,4 | -4,2 | -4,2 | -4,7 | -4,3 | -3,6 | -2,1 | -0,6 |
| **Exportacións de bens e servizos** | 2,1 | 4,9 | 0,1 | 0,5 | 3,3 | 4,4 | 2,9 | 9,5 | 3,5 | 3,7 |
| Exportacións de bens | 2,4 | 7,2 | -0,9 | 0,5 | 3,2 | 6,5 | 4,6 | 13,6 | 6,5 | 4,3 |
| Exportacións de servizos | 1,6 | -0,1 | 2,4 | 0,5 | 3,6 | -0,2 | -0,7 | 1,0 | -2,8 | 2,3 |
| **Importacións de bens e servizos** | -5,7 | 0,4 | -6,9 | -7,7 | -4,6 | -3,5 | -4,9 | 3,2 | 0,6 | 2,7 |
| Importacións de bens | -7,2 | 1,5 | -8,0 | -10,1 | -5,6 | -4,9 | -5,6 | 4,6 | 2,5 | 4,7 |
| Importacións de servizos | -0,2 | -3,7 | -3,0 | 1,4 | -0,9 | 1,7 | -2,4 | -1,9 | -6,1 | -4,5 |
| **PIB a prezos de mercado** | -1,6 | -1,2 | -1,2 | -1,6 | -1,7 | -2,1 | -1,9 | -1,6 | -1,1 | -0,2 |
| Agricultura, gandeiría, silvicultura e pesca | -10,9 | 1,1 | -6,9 | -12,6 | -11,2 | -12,7 | -4,1 | 3,9 | 0,9 | 4,1 |
| Industria | -0,5 | -1,2 | -1,7 | -0,7 | 0,2 | 0,4 | -2,5 | -2,1 | -0,8 | 0,3 |
| Construción | -8,6 | -7,7 | -9,1 | -8,6 | -8,7 | -7,7 | -7,0 | -8,3 | -7,8 | -7,7 |
| Servizos | -0,3 | -0,5 | 0,7 | -0,1 | -0,4 | -1,1 | -1,1 | -0,9 | -0,6 | 0,5 |
| **Impostos netos sobre os produtos** | -4,9 | -1,2 | -5,0 | -4,7 | -4,9 | -5,1 | -2,0 | -1,0 | -0,8 | -1,2 |

(1) PIBpm, índices de volume encadenados, base 2008; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 27-02-2014)
(2) aportación ao crecemento do PIB a prezos de mercado
Fonte: *INE*

**1.1.8.**

rior bruto (PIB) xerado pola economía española experimentou unha contracción do –1,2%, catro décimas inferior á rexistrada no ano 2012. O **cadro 1.1.7.** amosa o retroceso na actividade produtiva no conxunto do Estado, con variacións cada vez menos negativas: –1,9% no primeiro trimestre, –1,6% no segundo, e –1,1% e –0,2% no terceiro e cuarto trimestre.

A devandita evolución da contracción da actividade económica do conxunto do Estado explícase fundamentalmente polo comportamento da demanda interna, que detrae 2,7 puntos porcentuais ao crecemento agregado do PIB (4,1 puntos no ano 2012), en tanto que a achega da demanda externa ao crecemento foi de 1,5 puntos porcentuais. Todos os compoñentes da demanda interna (agás o investimento en bens de equipamento) rexistraron taxas de variación negativas sendo, desde un punto de vista sectorial, o investimento no sector da construción, un ano máis, o compoñente da demanda interna que mostrou un comportamento máis negativo.

A formación bruta de capital fixo (FBCF) no conxunto do ano rexistrou un descenso real do 5,1%, mentres que o ano anterior o fixera nun 7%. Como indican os datos recollidos no **cadro 1.1.8.**, esta caída explícase fundamentalmente pola evolución da FBCF na construción (–9,6%),

**Índices de competitividade de España 2008-13** (1)

| | Fronte á zona euro | | | Fronte á UE-28 | | | Fronte a novos países industrializados de Asia (2) | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Con prezos ao consumo | Con prezos industriais | Con custos laborais unitarios | Con prezos ao consumo | Con prezos industriais | Con custos laborais unitarios | Con prezos ao consumo | Con prezos industriais |
| | | | | *(base 1999 =100)* | | | | |
| **2008** | 109,9 | 108,3 | 115,2 | 109,3 | 108,5 | 113,1 | 128,0 | 120,1 |
| **2009** | 109,4 | 108,0 | 112,0 | 110,4 | 109,3 | 112 | 121,3 | 114,5 |
| **2010** | 110,0 | 108,7 | 110,4 | 110,0 | 109,1 | 109,6 | 111,1 | 103,7 |
| **2011** | 110,4 | 109,9 | 107,1 | 110,2 | 110,1 | 107,6 | 110,1 | 106,9 |
| **2012** | 110,4 | 110,6 | 102,2 | 109,6 | 110,2 | 101,7 | 100,2 | 99,6 |
| **2013** | 110,6 | 110,8 | 99,8 | 110,2 | 110,8 | 98,9 | 101,0 | 100,7 |

(1) a caída no Índice reflicte melloras na competitividade
(2) China, Corea do Sur, Filipinas, Hong-Kong, India, Indonesia, Malaisia, Singapur, Taiwán e Tailandia.
Fonte: *Banco de España*

**1.1.9.**

mostrando tamén taxas negativas a FBCF en activos fixos inmateriais (–0,2%). Por contra, o investimento en bens de equipo medra un 2,2% fronte ás taxas negativas acadadas no ano anterior (–3,9%).

Respecto ao gasto en consumo final, salienta o forte descenso tanto do gasto en consumo final dos fogares como das Administracións Públicas, con taxas negativas do 2,1% e do 2,3% respectivamente. Os datos trimestrais amosan como o gasto en consumo final se sitúa en taxas de variación interanuais negativas nos catro trimestres do ano, se ben estas taxas son cada vez menores a medida que avanza o ano, situándose no –0,3% no último trimestre do ano. Cómpre destacar a evolución seguida polo consumo privado, que no cuarto trimestre presenta unha medra do 0,7%.

Tanto as importacións como, en maior media, as exportacións de bens e servizos presentan un crecemento medio en relación ao ano anterior, con taxas de variación interanual de 0,4% e 4,9%, respectivamente. Os datos trimestrais indican o cambio de tendencia da evolución das importacións, que tras descender case un cinco por cento no primeiro trimestre de 2013, aumenta no resto do ano acadando as taxas máis elevadas a final de ano.

Dende o lado da oferta, o valor engadido de todas as ramas produtivas, agás a agricultura, gandería, silvicultura e pesca, cunha taxa de variación interanual do 1,1%, rexistrou unha evolución negativa en 2013.

O sector da construción acusa caídas do seu valor engadido do 7,7%, nove décimas menos que no ano anterior, e o sector servizos experimenta unha taxa de variación negativa do seu valor engadido bruto no ano 2013, do 0,5%, dúas décimas superior á do ano anterior. Todas as ramas do sector terciario descenden a súa actividade, salientando as "financeiras e seguros" cun –3,2% e actividades físicas e recreativas, co 0,9%. As actividades de "comercio, transporte e hostalería" presentan unha taxa negativa do –0,15% e as actividades profesionais do –0,02%.

No que atinxe ás ramas industriais, a taxa de variación media interanual reflicte o deterioro do VEB xerado no sector, con caídas do 1,2%, sete

**Distribución funcional da renda en España 2012-13**

| | 2012 | 2013 | 2012 | | | | 2013 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | trimestres | | | | | | | |
| | | | I | II | III | IV | I | II | III | IV |
| | | | (taxas de variación interanual) | | | | | | | |
| **PIB** (1) | -1,6 | -0,6 | -1,3 | -1,7 | -1,5 | -2,0 | -0,8 | -0,9 | -0,7 | 0,0 |
| Remuneración de asalariados | -5,6 | -3,4 | -3,3 | -5,1 | -5,3 | -8,5 | -6,1 | -5,1 | -3,3 | 0,8 |
| Custo laboral unitario | -3,0 | -1,5 | -1,4 | -2,7 | -2,4 | -5,3 | -3,2 | -2,5 | -1,6 | 1,2 |
| Remuneración por asalariado | 0,2 | 0,7 | 1,7 | 0,8 | 0,7 | -2,4 | -0,5 | -0,1 | 0,5 | 2,7 |
| Productividade por traballador | 3,3 | 2,3 | 3,2 | 3,7 | 3,2 | 3,1 | 2,9 | 2,5 | 2,2 | 1,5 |
| Taxa de asalarización | -1,0 | -0,7 | -0,7 | -0,8 | -1,3 | -1,3 | -1,1 | -1,1 | -0,5 | -0,2 |
| Excedente bruto de explotac. / Renda mixta bruta | 1,7 | 1,3 | -0,4 | 2,7 | 1,8 | 2,5 | 5,3 | 1,2 | 1,2 | -2,4 |
| Impostos netos produción e importacións | 4,9 | 5,3 | 5,7 | -3,7 | 3,8 | 13,7 | -1,4 | 10,8 | 3,4 | 8,4 |

(1) PIBpm, prezos correntes, base 2008; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 27-02-2014)

Fonte: *INE*

**1.1.10.**

décimas máis que no ano anterior. Non obstante, cómpre destacar que ao igual que no ano anterior, o cuarto trimestre presenta taxas de crecemento positivas.

Asemade, cómpre salientar que no ano 2013 o índice de competitividade da economía española en termos de prezos ao consumo e industriais empeora lixeiramente fronte á zona euro, á UE-28 e aos países industrializados de Asia. Por contra, mellora, ao igual que acontece nos últimos cinco anos, a competitividade en termos de custos laborais unitarios fronte á zona euro e á UE-28 (**cadro 1.1.9.**).

Tendo en conta a evolución do emprego e da actividade económica, a produtividade aparente por traballador aumentou un 2,3%. Tal e como amosa o **cadro 1.1.10.**, a remuneración por asalariado experimentou un incremento do 0,7% en relación ao ano anterior, descendendo os custos laborais unitarios un 1,5% influídos pola caída na remuneración de asalariados do 3,4%.

O excedente bruto de explotación e a renda mixta, valor que indica o pago aos factores produtivos salvo o pago de salarios aos traballadores, despois dun incremento medio anual do 1,7% en 2012, presenta no ano 2013 un incremento medio anual do 1,3%. Asemade, os impostos netos sobre a produción e as importacións incrementánse un 5,3%.

Neste marco económico, a creación de emprego redúcese a un ritmo superior ao tres por cento e os niveis de desemprego presentan taxas de crecemento moi inferiores ás do ano anterior. En 2013 continúa a redución do número de empresas inscritas no réxime xeral da Seguridade Social, crecendo, nembargante, o número de sociedades mercantís creadas un 7,1% en relación ao ano anterior.

O número de persoas en alta laboral afiliadas á Seguridade Social en España descendeu no ano 2013 un 3,3%, e a poboación ocupada segundo a EPA fíxoo un 3,1%, aproximadamente 532.000 persoas ocupadas menos en relación ao ano anterior.

Xunto a esta caída da ocupación, o desemprego crece en menor medida que o ano anterior, acadando o paro estimado unha medra anual do 3,9% (180.900 persoas) e o paro rexistrado, un incremento do 2,6%, porcentaxes moi inferiores ás obtidas no ano 2012.

**Mercado de traballo en Galicia e España 2012-13**

| | Galicia 2012 | Galicia 2013 | España 2012 | España 2013 |
|---|---|---|---|---|
| | *(taxas de variación interanual)* | | | |
| **PIB** (1) | -0,9 | -1,1 | -1,4 | -1,2 |
| **Emprego** | | | | |
| Afiliacións á Seguridade Social | -4,0 | -3,1 | -3,3 | -3,3 |
| Ocupación | -4,0 | -4,0 | -4,5 | -3,1 |
| Paro estimado | 19,6 | 4,4 | 15,4 | 3,9 |
| Paro rexistrado | 12,1 | 2,0 | 10,9 | 2,6 |
| **Regulación do emprego** | | | | |
| Traballadores afectados por expedientes autorizados | 29,9 | -22,6 | 31,5 | -15,9 |
| **Desenvolvemento empresarial** | | | | |
| Empresas inscritas Seguridade Social (2) | -4,0 | -2,1 | -3,2 | -1,2 |
| Sociedades mercantis creadas (3) | 1,4 | 3,2 | 2,8 | 7,1 |

(1) PIBpm (índices de volume encadenados), datos correxidos de efectos estacionais e de calendario, base 2008 (consulta: 27-02-2014); datos 2013 son provisionais
(2) empresas inscritas no Réxime Xeral e no Réxime da Minería e do Carbón
(3) datos 2013 son provisionais
Fonte: *IGE*, *INE* e *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*

**1.1.11.**

Asemade, 2013 presenta un descenso de case un 18% do número de expedientes de regulación de emprego autorizados, cunha caída do 22,3% no número de traballadores afectados polos citados expedientes.

Finalmente, cabe salientar que fronte á necesidade de financiamento do Estado rexistrada en 2012 (0,6% do PIB), 2013 presenta unha capacidade de financiamento equivalente ao 1,5% do PIB.

## Panorama económico da eurorrexión Galicia–Norte Portugal

A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ocupa unha superficie de 50.859 quilómetros cadrados e conta cunha poboación de 6.428.223 habitantes, o que implica unha densidade media de 126 habitantes por quilómetro cadrado. En relación á UE-28, a eurorrexión representa o 1,1% da súa superficie e o 1,3% da súa poboación. O 19,7% da poboación estranxeira residente en Galicia a 1 de xaneiro de 2013 era de orixe portuguesa.

En termos de PIB per cápita (**cadro 1.1.112.**), comparando os datos das dúas rexións, este indicador de converxencia acada en Galicia o 87% da media UE-28=100, vinte e cinco puntos superior ao valor rexistrado na rexión Norte de Portugal. No concernente ao emprego, a poboación activa en Galicia é de 1.280.200 persoas no ano 2013, e é de case 1.900.000 persoas a poboación activa residente na rexión norte de Portugal, sendo a taxa de actividade das dúas zonas do 54,6% e do 59,7%, respectivamente.

A ocupación no ano 2013 na eurorrexión ascendeu a 2,54 millóns de persoas (o 39,6% da poboación total), dos que o 61,9% dos traballadores estaban ocupados nas ramas de actividade do sector servizos. O conxunto das ramas industriais abrangue o 21,3% das persoas traballadoras, mentres que o sector primario e a construción acollen o 9,4% e o 7,4%, respectivamente.

Con todo, cómpre salientar a distinta importancia relativa dos sectores económicos en Galicia e o Norte de Portugal en termos de poboación ocu-

**Principais indicadores da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal**

| | | | Eurorrexión | Galicia | Rexión Norte | UE-28 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Superficie** | *(en Km²)* | | 50.860,7 | 29.574,8 | 21.285,9 | 4.439.549,0 |
| **Poboación de dereito (1)** | *(miles de persoas)* | *1/1/13* | 6.428.223 | 2.761.989 | 3.666.234 | 507.069.424 |
| **Densidade poboación** | *(habs. / km²)* | *1/1/13* | 126,4 | 93,4 | 172,2 | 114,2 |
| **Poboación ocupada** | *(%)* | *2013* | | | | |
| Sector primario | | | 9,4 | 7,3 | 10,7 | 4,6 |
| Industria | | | 21,3 | 15,2 | 25,1 | 17,7 |
| Construción | | | 7,4 | 6,9 | 7,8 | 7,2 |
| Servizos | | | 61,9 | 70,5 | 56,4 | 70,4 |
| **Desemprego** | *(%)* | *2013* | | | | |
| Total | | | 22,1 | 22,1 | 17,2 | 10,8 |
| Longo prazo (1) | | | 11,7 | 12,7 | 11,1 | 4,7 |
| Feminino | | | 19,7 | 21,6 | 18,1 | 10,9 |
| Mozos (menores de 25 anos) | | | 39,9 | 50,2 | 35,1 | 23,4 |
| **PIB prezos de mercado** | *(millóns de € )* | *2013* | | 55.839 | | 13.075.215 |
| | | *2012* | 104.227 | 56.797 | 47.430 | 12.970.181 |
| | | *2011* | 104.868 | 56.193 | 48.675 | 12.711.209 |
| **PIB per cápita** | *UE-28=100* | *2011* | | 87 | 62 | 100 |
| | | *2010* | | 90 | 65 | 100 |

(1) porcentaxe de desempregados de longa duración (12 meses ou máis) entre a poboación activa

Fonte: elaboración propia *CES-Galicia* a partir de datos do *INE-Portugal, INE, IGE* e Eurostat

**1.1.12.**

pada. Mentres que Galicia rexistra unha maior importancia relativa da ocupación no sector servizos, acollendo o 70,5% das persoas ocupadas fronte ao 56,4% no norte de Portugal, nesta última rexión o peso relativo da poboación ocupada no sector industrial é máis de dez puntos superior ao rexistrado en Galicia: o 25,1% e o 15,2%, respectivamente. No caso do sector primario, a ocupación nestas actividades representa o 7,3% da ocupación total en Galicia fronte ao 10,7% no norte de Portugal.

Un ano máis Galicia incrementa a súa taxa de paro, cunha rateo superior tanto á media europea como á rexistrada no Norte de Portugal; así a taxa de paro en 2013 acada en Galicia o 22,1%, e o 17,2% na rexión portuguesa. O desemprego dos menores de 25 anos resulta especialmente preocupante en Galicia, onde a taxa de paro rexistra o 50,2%, fronte ao 35,1% no norte de Portugal e o 39,9% na eurorrexión.

Finalmente, segundo datos do informe de indicadores de mobilidade transfronteiriza EURES Transfronteirizo Norte de Portugal–Galicia, no que respecta aos datos relativos a traballadores de nacionalidade portuguesa afiliados á Seguridade Social en Galicia, no ano 2013 había 6.685 traballadores nesta situación, dos que 1.329 (o 19,9%) están no sector da construción e 977 (14,6%), nas actividades de comercio.

O número de contratos laborais a traballadores portugueses en Galicia continúa descendendo no ano 2013, situándose nos 6.930, case 300 contratos menos que no ano anterior (e lonxe dos 20.644 contratos do ano 2007). O 12,3% dos contratos laborais a traballadores portugueses en Galicia corresponde a persoas residentes en Portugal (11,7% en 2012). A construción de edificios segue a ser a rama de actividade onde se rexistra un maior número de contratos laborais a traballadores portugueses, con 1.258 contratos

(241 menos que no ano anterior), seguida polos servizos de comidas e bebidas, con 1.003 (113 máis que en 2012), e actividades de construción especializada, con 818 (155 contratos máis). ■

# 1.2.

# CADRO MACROECONÓMICO DE GALICIA

**A economía galega experimenta no 2013** unha nova contracción da súa actividade, ao presentar taxas de variación interanual do seu Produto Interior Bruto (PIB) real a prezos de mercado do –1,1%, a taxa máis negativa dende o ano 2009 (–3,5%). Esta contracción da actividade económica foi unha décima inferior á rexistrada no conxunto do Estado (–1,2%) e superior á da zona euro (–0,5%).

Os datos do cadro macroeconómico reflicten que no ano 2013 Galicia saíu tecnicamente da recesión económica ao encadear dous trimestres consecutivos con taxas de variación intertrimestrais positivas (0,1%), manténdose estable no segundo trimestre do ano. Nembargante, os datos interanuais indican que a economía galega encadeou once trimestres consecutivos de contracción económica, rexistrándose unha mellora gradual en canto a caídas do PIB cada vez menores.

A contracción económica reflíctese, novamente, nun incremento do desemprego así como na redución da poboación activa, do número de persoas ocupadas e das persoas afiliadas á Seguridade Social.

## Análise macroeconómico da economía de Galicia

Dende o punto de vista da demanda, o consumo final diminúe en Galicia en relación ao ano anterior nun 2,0%, oito décimas menos que o acontecido en 2012. Este menor descenso ven motivado tanto polo comportamento do consumo privado como público. Dunha banda, o gasto en consumo final dos fogares diminúe un 2,3% (–2,6% no ano 2012). Doutra, o gasto en consumo das Administracións Públicas redúcese a unha taxa interanual do 1,1% (3,3% de redución no ano 2012) (**cadro 1.2.1.**).

O consumidor galego ten unha percepción menos pesimista en 2013 que a sinalada no ano anterior atendendo á evolución do indicador de confianza. No último ano este se sitúa nos –34,4 puntos, cando no ano precedente era de –36,1

puntos. O indicador de confianza do consumidor toma valores entre (–100) e 100, correspondendo os valores entre 0 e 100 con percepcións favorables e entre 0 e (–100) con percepcións desfavorables, tanto máis pesimistas ou optimistas canto máis se aproximen os valores aos extremos.

Outros indicadores relacionados coa evolución do consumo das familias son o negativo índice de vendas do comercio polo miúdo ou a ralentización das taxas de crecemento interanual do valor das importacións de bens de consumo. Por contra, a diferenza do experimentado en 2012, rexístrase  unha medra no grado de ocupación por praza hoteleira.

No que ao investimento se refire, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte que a formación bruta de capital experimentou no ano 2013 unha contracción do 2,7%, cando no ano precedente reducírase nun 5,0%. Os datos trimestrais reflicten que esta caída do investimento é superior ao 3% no segundo semestre do ano, situándose tan só por debaixo desta porcentaxe no segundo trimestre do ano (–1,5% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior). A nivel estatal continúa a tendencia de redución na formación bruta de capital, aínda que neste caso, cunha menor intensidade, acadando unha caída do 5,1% (–1,7% no cuarto trimestre do ano 2013).

No que atinxe á evolución do investimento en bens de equipo, reflectido nos datos de variación media anual do índice de produción industrial, este medrou un 3,4% respecto ao ano 2012 (redúcese en España un 1,8%), onde decrecera un 6,8%. Por contra, fronte ao incremento de case 1% nas importacións de bens de equipamento en 2012, no ano 2013 estas descenden nun 13,6%.

A licitación oficial pública segundo data de anuncio rexistrou en Galicia, no ano 2013, unha fortísima caída, superando o 55% (cae un 7,6% no ano anterior), por mor da redución da licitación da Administración Xeral do Estado, que descende un 73,6%. Por contra, o importe das licitacións públicas na Administración Autonómica e Local medra un 80,9% e un 55,5%, respectivamente.

No que respecta ao sector exterior, os datos do cadro macroeconómico reflicten, a diferenza do acontecido no ano anterior, unha medra tanto das exportacións como das importacións de bens e servizos. Os incrementos experimentados foron, en termos reais, do 11,4% e o 9,4%, respectivamente. Como se desprende do **cadro 3.3.3.** *[Importacións e exportacións 2012-13: distribución segundo áreas xeográficas]*, o incremento das exportacións no último ano prodúcese por unha medra das vendas tanto a terceiros países como no mercado español (10,5% e 6,5%, respectivamente), en tanto que as importacións galegas tan só aumentan no caso das compras ao resto das CC.AA. (17,5%), reducíndose nun 4,4% ás que se realizan no resto do mundo. Tras esta evolución, o 53,3% das compras galegas se realizan no resto de España (48,2% no ano anterior) e vende o 41,7% da súa produción ao resto do Estado (42,6% en 2012).

O saldo negativo da balanza comercial co resto de comunidades do Estado español pasa de 1.584,0 millóns de euros no ano 2012 a 3.221,8 millóns no ano 2013, aumentando fortemente o saldo comercial positivo de Galicia co resto do mundo, que pasa de 1.653,9 millóns de euros a 4.066,5 millóns no ano 2013.

Finalmente, destacar que, na actual situación contractiva da actividade económica, a achega ao crecemento agregado da demanda interna e externa en Galicia é inferior á media estatal.

**PIB 2012-13: distribución segundo as súas compoñentes** (1)

| | 2012 | 2013 | 2012 | | | | 2013 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | trimestres | | | | | | | |
| | | | I | II | III | IV | I | II | III | IV |
| | | | *(taxas de variación interanual)* | | | | | | | |
| **Gasto en consumo final** | -2,8 | -2,0 | -2,3 | -2,8 | -2,7 | -3,2 | -3,0 | -2,2 | -1,7 | -0,9 |
| Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF | -2,6 | -2,3 | -2,1 | -2,6 | -2,6 | -3,0 | -3,1 | -2,4 | -2,1 | -1,4 |
| Gasto en consumo final das AA.PP. | -3,3 | -1,1 | -3,0 | -3,2 | -3,1 | -3,9 | -2,7 | -1,5 | -0,5 | 0,4 |
| **Formación bruta de capital fixo** | -5,0 | -2,7 | -11,8 | -6,6 | -0,5 | -0,2 | -3,0 | -1,5 | -3,3 | -3,1 |
| **Exportacións de bens e servizos** | -4,8 | 11,4 | -10,5 | -7,6 | 2,2 | -2,7 | 9,7 | 14,0 | 12,1 | 9,6 |
| **Importacións de bens e servizos** | -8,8 | 9,4 | -16,1 | -12,2 | -1,2 | -4,7 | 6,9 | 12,8 | 10,1 | 7,7 |
| **PIB a prezos de mercado** | -0,9 | -1,1 | -0,9 | -0,9 | -0,5 | -1,6 | -1,6 | -1,4 | -0,9 | -0,3 |
| Ramas agraria e pesqueira | -0,1 | -0,6 | 2,0 | -0,5 | 0,4 | -2,2 | -3,5 | -0,7 | 0,4 | 1,3 |
| Ramas industriais | -1,3 | 1,9 | -5,3 | -1,4 | 1,7 | 0,1 | 3,5 | 2,0 | 0,8 | 1,1 |
| Construción | -4,6 | -4,1 | -6,3 | -5,1 | -4,0 | -2,9 | -3,9 | -4,3 | -3,9 | -4,5 |
| Ramas dos servizos | -0,5 | -1,4 | 0,5 | -0,4 | -0,9 | -1,2 | -2,6 | -1,8 | -0,8 | -0,3 |
| **Impostos netos sobre os produtos** | 0,7 | -1,2 | 2,2 | 1,0 | 0,3 | -0,5 | -1,6 | -1,4 | -1,1 | -0,8 |

(1) PIB a prezos de mercado (índices de volume encadenados), base 2008; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta:27-02-2014)

Fonte: *IGE*

**1.2.1.**

Como se deduce do **cadro 1.2.1.**, a demanda interna detrae 2,1 puntos ao crecemento do PIB, sendo a achega do sector exterior de un punto porcentual (–2,7 e 1,5 puntos no conxunto do Estado).

## • Agregados da oferta

Dende o punto de vista da oferta, se no ano 2012 todas os sectores de produción considerados no seu conxunto presentaban unha caída da súa actividade, no último ano o sector industrial rompe coa tendencia contractiva iniciada en 2008, presentando unha medra do 1,9%. Por contra, o resto das ramas produtivas experimentan taxas de variación negativas.

A construción reflicte novamente unha taxa negativa de variación do seu valor engadido bruto, cun 4,1% menos que no ano precedente, seguindo a senda de reducións continuadas do seu valor engadido dende o ano 2009. A pesar desta tendencia negativa, cómpre destacar que esta contracción do seu VEB é a menor dende ese ano.

Os servizos presentan no ano 2013 unha taxa negativa de variación do seu valor engadido do 1,4%, nove décimas máis que no ano anterior. Os subsectores de "comercio, transporte e hostalería" e "actividades financeiras e de seguros" experimentan descensos superiores ao 3%, mentres que crecen, ao igual que en 2012, as actividades inmobiliarias e as "actividades artísticas, recreativas e outros servizos".

Ao longo do ano, os datos recollidos no devandito **cadro 1.2.1.** amosan que o sector industrial presenta taxas de crecemento positivas nos catro trimestres, rexistrándose un crecemento no segundo semestre do ano no sector primario. Por contra, o valor engadido bruto na construción e os servizos se reduce todo o ano, se ben no caso dos servizos, ao igual que no conxunto da economía galega, estes descensos son cada vez máis reducidos.




Fonte: *IGE, Contas económicas trimestrais*

1.2.2.

## • Distribución da renda

O peso da remuneración de asalariados no PIB continuou diminuíndo en 2013, mentres aumentaba o do excedente bruto de explotación/rendas mixtas. En termos nominais, 2013 presenta unha redución do 1,4% da remuneración salarial, unha medra da actividade produtiva do 0,1% (en termos de PIB nominal prezos correntes) e un incremento do 1% dos beneficios empresariais (en termos de excedente de explotación bruto/renda mixta bruta).

No que respecta á distribución da renda no período 2009-2013, a participación dos asalariados na renda diminúe en case cinco puntos porcentuais, pasando do 48% no ano 2009 ao 43,1% no 2013. Pola contra, o peso dos beneficios, en termos de excedente bruto de explotación/rendas mixtas, increméntase en 3,7 puntos porcentuais, pasando do 43,6% ao 47,3% no 2013.

A redución continuada do peso da remuneración dos asalariados e o crecemento continuo do peso dos excedentes brutos de explotación provocan que o peso sobre o PIB das remuneracións salariais sexa por segundo ano consecutivo menor que o dos excedentes de explotación.

A taxa media de variación interanual do índice xeral de prezos (IPC) foi do 1,5%, cando no ano anterior este índice situouse no 2,4%. A evolución ao longo do ano amosa unha tendencia decrecente, acadando as taxas de variación máis reducidas no último cuadrimestre do ano.

O aumento salarial medio pactado en Galicia experimentou unha medra do 0,66%, punto e medio por debaixo do rexistrado no ano anterior. Galicia presenta un aumento salarial pactado nos convenios de empresa moi superior á media estatal (1,69% fronte ao 0,37% de aumento medio en España), sendo similar no caso dos convenios doutro ámbito.

A evolución da importancia relativa da poboación asalariada no conxunto do emprego, medido en termos do número de postos de traballo equivalente a tempo completo, mostra, segundo os datos das Contas Económicas, que en 2013 os 774.629

### Consumo e investimento en Galicia e España 2012-13: principais indicadores

| | Galicia | | España | |
|---|---|---|---|---|
| | 2012 | 2013 | 2012 | 2013 |
| | *(taxas de variación interanual)* | | | |
| **Consumo** | | | | |
| **Índice de vendas do comercio polo miúdo** | -1,6 | -3,4 | -4,1 | -2,4 |
| **Índice de vendas do comercio polo miúdo** *(prezos constantes)* | -4,3 | -4,9 | -7,0 | -3,9 |
| **Produción de bens de consumo** *(índice de producción industrial)* | -5,0 | 7,3 | -4,8 | -2,2 |
| Produción de bens de consumo duradeiro | -14,8 | -10,7 | -13,6 | -12,1 |
| Produción de bens de consumo non duradeiro | -4,3 | 8,5 | -3,9 | -1,3 |
| **Importación de bens de consumo** | 5,4 | 2,5 | -4,9 | -3,9 |
| **Ocupación hoteleira** | -8,1 | 4,1 | -2,7 | 2,1 |
| **Gasto de Administracións Públicas** | -3,3 | -1,1 | -4,8 | -2,3 |
| **Expectativas do consumidor (1)** *(saldo medio das respostas)* | | | | |
| Indicador de confianza do consumidor | -36,1 | -34,4 | | |
| Situación financeira persoal | -20,0 | -17,6 | | |
| Situación económica de Galicia | -41,6 | -43,3 | | |
| Capacidade de aforro | -33,4 | -31,7 | | |
| Emprego | -49,2 | -45,0 | | |
| **Investimento** | | | | |
| | *(taxas de variación interanual)* | | | |
| **Produción de bens de equipo** *(índice de producción industrial)* | -15,7 | 0,9 | -11,0 | 1,1 |
| **Importacións de bens de equipo** | 0,9 | -13,6 | -7,6 | -1,2 |
| **Licitación pública** | | | | |
| Total | -7,6 | -55,4 | -45,5 | 22,8 |
| Administración Xeral do Estado | 15,2 | -73,6 | -58,1 | 46,5 |
| Administración autonómica | -66,0 | 80,9 | -38,3 | 11,7 |
| Administracións local | -53,3 | 55,5 | -30,1 | 7,1 |

(1) presentan valores que oscilan entre -100 e +100, sendo os resultados máis optimistas tanto para o momento actual como para o futuro os que máis se acerquen ao punto máximo

Fonte: elaboración propia *CES-Galicia*

**1.2.3.**

### Tipos de xuros 2009-13

**Taxa anual equivalente (TAE)**

| | vivenda | consumo | outros fins |
|---|---|---|---|
| | | *(datos do mes de decembro)* | |
| **2009** | 2,62 | 9,72 | 4,95 |
| **2010** | 2,66 | 7,47 | 5,64 |
| **2011** | 3,66 | 9,11 | 6,29 |
| **2012** | 2,93 | 8,31 | 6,23 |
| **2013** | 3,16 | 9,52 | 5,92 |

Fonte: *Banco de España*

**1.2.4.**

### Asignación funcional da renda 2008-12 (1)

| | Remuneración dos asalariados (2) | Excedente de explotación bruto /Renda mixta bruta (3) | Impostos netos sobre produción e importacións | PIB a prezos de mercado |
|---|---|---|---|---|
| | | *(en millóns de euros)* | | |
| **2008** | 27.163,9 | 25.892,5 | 4.792,1 | 57.848,5 |
| **2009** | 27.130,6 | 24.599,7 | 4.735,4 | 56.465,7 |
| **2010** | 26.544,3 | 24.827,9 | 5.239,5 | 56.611,8 |
| **2011** | 25.942,9 | 25.000,4 | 5.250,6 | 56.193,9 |
| **2012** | 24.424,8 | 26.150,8 | 5.222,1 | 55.797,7 |
| **2013** | 24.079,5 | 26.409,8 | 5.350,6 | 55.839,9 |
| | | *(% / PIB)* | | |
| **2008** | 47,0 | 44,8 | 8,3 | 100 |
| **2009** | 48,0 | 43,6 | 8,4 | 100 |
| **2010** | 46,9 | 43,9 | 9,3 | 100 |
| **2011** | 46,2 | 44,5 | 9,3 | 100 |
| **2012** | 43,8 | 46,9 | 9,4 | 100 |
| **2013** | 43,1 | 47,3 | 9,6 | 100 |

(1) PIB a prezos correntes, base 2008, datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 27-02-2014)

(2) Remuneración de asalariados: remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable. A remuneración de asalariados desagrégase en: soldos e salarios e cotizacións sociais a cargo dos empregadores.

**1.2.5.**

### Produtividade aparente real, remuneración por asalariado real e custo laboral unitario real en Galicia e España 2008-13




Fonte: elaboración propia *CES-Galicia* a partir de datos do INE

**1.2.6.**

**IPC xeral nas CC.AA. 2012-13**

| | 2012 | 2013 | 2012 | 2013 |
|---|---|---|---|---|
| | (datos do mes de decembro) | | (medias anuais) | |
| | *(taxas de variación interanual)* | | | |
| | *(%)* | | *(%)* | |
| **Andalucía** | 2,6 | 0,3 | 2,2 | 1,3 |
| **Aragón** | 2,7 | 0,2 | 2,4 | 1,3 |
| **Asturias** | 2,6 | 0,2 | 2,3 | 1,4 |
| **Baleares** | 3,1 | 0,5 | 2,5 | 1,6 |
| **Canarias** | 2,5 | -0,4 | 2,0 | 0,7 |
| **Cantabria** | 3,6 | 0,6 | 2,6 | 2,1 |
| **Castela e León** | 3,1 | 0,5 | 2,8 | 1,5 |
| **Castela-A Mancha** | 2,7 | 0,2 | 2,4 | 1,3 |
| **Cataluña** | 3,6 | 0,2 | 2,9 | 1,7 |
| **C. Valenciana** | 3,0 | 0,2 | 2,4 | 1,3 |
| **Estremadura** | 2,8 | 0,0 | 2,3 | 1,3 |
| **Galicia** | 2,6 | 0,5 | 2,4 | 1,5 |
| **A Coruña** | 2,4 | 0,6 | 2,2 | 1,5 |
| **Lugo** | 3,0 | 0,5 | 2,6 | 1,7 |
| **Ourense** | 2,9 | 0,4 | 2,6 | 1,4 |
| **Pontevedra** | 2,6 | 0,5 | 2,4 | 1,4 |
| **Madrid** | 2,5 | 0,2 | 2,4 | 1,3 |
| **Murcia** | 2,9 | 0,4 | 2,3 | 1,7 |
| **Navarra** | 2,7 | 0,0 | 2,6 | 1,2 |
| **País Vasco** | 2,7 | 0,6 | 2,3 | 1,6 |
| **A Rioxa** | 2,8 | 0,1 | 2,6 | 1,3 |
| **Ceuta** | 2,2 | -0,1 | 2,1 | 0,7 |
| **Melilla** | 1,6 | -0,4 | 1,6 | 0,1 |
| **Total** | 2,9 | 0,3 | 2,4 | 1,4 |

Fonte: *INE*

**1.2.7.**

asalariados equivalente a tempo completo, o 84% do total, distribúense o 43,1% da renda.

A análise da distribución da renda pode facerse tamén a través da evolución do custo laboral unitario real (CLUR), expresado pola porcentaxe do produto por ocupado (produtividade aparente) que se dedica a retribuír o traballo (remuneración media por asalariado). Contablemente, o peso da remuneración de asalariados no PIB é igual ao CLUR multiplicado pola taxa de asalarización. Como se observa no **cadro 1.2.6.** o CLUR presenta un forte descenso tanto en Galicia como en España, sendo máis acusado na comunidade autónoma que no conxunto do Estado.

Á hora de estudar a evolución do CLUR débese ter en conta que despois do descenso da remuneración por asalariado real rexistrado en 2011 e 2012 esta medra no último ano a diferenza do acontecido en España. Doutro lado, o importante crecemento da produtividade aparente prodúcese por mor da caída do emprego, que descende case un 14% nos últimos cinco anos (en torno ao 19% dende o comezo da crise).

## • Inflación

A tendencia descendente da inflación galega no segundo semestre do ano 2011 continúa no ano 2013, rexistrándose o incremento de prezos máis acusado en febreiro (2,7%) e os máis reducidos en outubro, co 0,1%, e en setembro, novembro e decembro, con taxas do 0,5%. A taxa media de




Fonte: *INE*

**1.2.8.**

## IPC galego e español 2012-13: distribución segundo grupos

| | 2012 | | 2013 | |
|---|---|---|---|---|
| | Galicia | España | Galicia | España |
| | *(taxas de variación media anuais) (%)* | | | |
| **Xeral** | 2,4 | 2,4 | 1,5 | 1,4 |
| **Alimentos e bebidas non alcohólicas** | 2,3 | 2,3 | 2,8 | 2,8 |
| **Bebidas alcohólicas e tabaco** | 5,5 | 5,9 | 6,0 | 6,1 |
| **Vestido e calzado** | 0,2 | 0,3 | 0,0 | 0,0 |
| **Vivenda** | 5,9 | 5,1 | 1,3 | 0,9 |
| **Enxoval** | 1,1 | 0,9 | 1,3 | 0,9 |
| **Medicina** | 3,1 | 3,5 | 7,5 | 6,9 |
| **Transporte** | 4,0 | 4,8 | 0,3 | 0,4 |
| **Comunicacións** | -3,4 | -3,4 | -4,3 | -4,2 |
| **Ocio e cultura** | 0,5 | 0,7 | 0,7 | 0,7 |
| **Ensino** | 3,3 | 4,8 | 3,3 | 8,1 |
| **Hoteis, cafés e restaurantes** | 1,2 | 0,9 | 1,1 | 0,5 |
| **Outros bens e servizos** | 2,0 | 2,3 | 2,1 | 2,0 |

Fonte: *INE*

**1.2.9.**

## IPC galego e español 2012-13: distribución segundo produtos

| | 2012 | | 2013 | |
|---|---|---|---|---|
| | Galicia | España | Galicia | España |
| | *(taxas de variación media anuais) (%)* | | | |
| Índice xeral | 2,4 | 2,4 | 1,5 | 1,4 |
| Cereais e derivados | 2,9 | 2,9 | 2,1 | 1,8 |
| Pan | 0,9 | 1,0 | 0,9 | 0,6 |
| Carne de vacún | 0,2 | 3,0 | 0,5 | 0,9 |
| Carne de ovino | 0,3 | 0,8 | -0,8 | -3,1 |
| Carne de porcino | 0,0 | 1,7 | 1,5 | 2,4 |
| Carne de ave | -0,2 | 1,0 | 2,7 | 1,5 |
| Outras carnes | 2,3 | 2,1 | 2,6 | 2,5 |
| Peixe fresco e conxelado | 0,7 | 0,9 | 0,4 | 0,3 |
| Crustáceos, moluscos e preparados de peixe | 2,8 | 2,3 | 1,6 | 3,2 |
| Ovos | 23,4 | 15,3 | 5,3 | 1,7 |
| Leite | 1,6 | 1,7 | 3,3 | 3,3 |
| Productos lácteos | 3,4 | 3,1 | -1,4 | -1,7 |
| Aceites e graxas | 4,8 | 2,9 | 18,3 | 17,9 |
| Froitas frescas | 4,6 | 4,6 | 8,4 | 9,8 |
| Froitas en conserva e frutos secos | 4,3 | 2,8 | 4,4 | 4,1 |
| Legumes e hortalizas frescas | -1,3 | 0,6 | 1,4 | 0,4 |
| Preparados de legumes e hortalizas | 3,5 | 3,2 | 3,9 | 3,8 |
| Patacas e os seus preparados | -1,4 | -3,5 | 18,7 | 20,3 |
| Café, cacao e infusións | 5,9 | 5,5 | -0,4 | -0,2 |
| Sucre | 4,0 | 4,9 | 0,9 | 0,3 |
| Outros preparados alimenticios | 2,2 | 2,0 | 2,3 | 1,3 |
| Augua mineral, refrescos e zumes | 1,5 | 1,5 | 1,2 | 1,8 |
| Bebidas alcólicas | 2,0 | 2,3 | 3,8 | 3,0 |
| Tabaco | 7,4 | 7,2 | 7,2 | 7,3 |
| Prendas de vestir de home | 1,4 | 0,9 | 0,3 | -0,2 |
| Prendas de vestir de muller | -0,8 | -0,2 | -0,6 | -0,3 |
| Prendas de vestir de neno e bebé | -1,3 | -0,4 | 0,4 | 0,4 |
| Complementos e reparacións de prendas de vestir | 0,8 | 0,8 | -0,2 | 1,2 |
| Calzado de home | 0,6 | 0,5 | -0,5 | 0,3 |
| Calzado de muller | 1,2 | 0,6 | 0,9 | 0,7 |
| Calzado de neno | 0,6 | 0,3 | 1,1 | 0,1 |
| Reparación de calzado | 1,6 | 2,5 | 0,4 | 2,4 |
| Vivenda en aluguer | 0,9 | 0,5 | 1,1 | -0,2 |
| Calefacción, alumeado e distribución de auga | 9,7 | 9,0 | 0,7 | 0,8 |
| Conservacion da vivenda | 2,4 | 1,7 | 3,0 | 1,9 |
| Mobles e revestimentos de solo | 0,8 | 0,7 | 1,4 | 1,0 |
| Textis e accesorios para o fogar | -0,5 | -0,5 | -0,6 | -0,3 |
| Electrodomesticos e reparacións | -0,7 | -0,5 | 0,9 | -0,1 |
| Utensilios e ferramentas para o fogar | 1,3 | 1,3 | 1,0 | 1,6 |
| Artigos non duradeiros para o fogar | 2,9 | 1,9 | 0,5 | 1,3 |
| Servizos para o fogar | 2,2 | 2,1 | 3,4 | 1,8 |
| Servizos médicos e semellantes | 1,1 | 1,6 | 1,2 | 1,9 |
| Medicamentos e material terapéutico | 5,8 | 6,6 | 15,1 | 12,9 |
| Transporte personal | 3,6 | 4,1 | -0,1 | -0,1 |
| Transporte público urbán | 4,4 | 7,9 | 3,7 | 5,6 |
| Transporte público interurbán | 2,9 | 4,4 | 4,7 | 4,6 |
| Comunicacións | -3,4 | -3,4 | -4,3 | -4,2 |
| Obxectos recreativos | -3,9 | -4,7 | -3,6 | -3,7 |
| Publicacións | 1,2 | 0,8 | 1,1 | 1,2 |
| Esparcimento | 2,9 | 3,8 | 5,1 | 4,2 |
| Educación infantil e primaria | 3,3 | 2,5 | 2,2 | 2,3 |
| Educación secundaria | 2,9 | 2,6 | 2,0 | 2,5 |
| Educación universitaria | 5,4 | 9,0 | 6,8 | 16,8 |
| Outros gastos de ensinanza | 1,5 | 1,6 | 1,7 | 1,7 |
| Artículos de uso persoal | 0,8 | 1,0 | 2,0 | 1,6 |
| Turismo e hostalería | 1,6 | 1,4 | 1,3 | 0,8 |
| Outros benes e servizos | 5,1 | 5,1 | 4,2 | 3,7 |

Fonte: *INE*

**1.2.10.**

**Índice de prezos industriais nas CC.AA. 2013: distribución segundo destino económico dos bens**

| | Índice xeral | Bens de consumo | Bens de consumo duradeiro | Bens de consumo non duradeiro | Bens de equipo | Bens intermedios | Enerxía |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | *(taxas de variación anual do índice do mes de decembro)* | | | | | | |
| Andalucía | -1,1 | -3,7 | -2,8 | -3,8 | 1,6 | -4,9 | 3,1 |
| Aragón | 0,6 | 0,1 | -1,5 | 0,9 | 0,9 | -3,5 | 11,8 |
| Asturias | 3,6 | 1,7 | 0,9 | 1,8 | -3,3 | -3,6 | 14,4 |
| Baleares | 15,8 | 2,1 | 0,3 | 2,4 | 0,0 | -1,8 | 27,1 |
| Canarias | 9,5 | 0,3 | -0,1 | 0,3 | 1,0 | 1,4 | 12,9 |
| Cantabria | 2,1 | 3,2 | -1,1 | 4,4 | 0,3 | -1,1 | 8,6 |
| Castela e León | 0,2 | 1,7 | -0,2 | 1,8 | -0,9 | -2,3 | 8,2 |
| Castela-A Mancha | 0,5 | 0,3 | 0,8 | 0,3 | 0,6 | -1,7 | 2,5 |
| Cataluña | 0,3 | 0,1 | -0,2 | 0,1 | -0,9 | -1,6 | 3,9 |
| C. Valenciana | -0,4 | 0,4 | 1,0 | 0,3 | 0,1 | -1,7 | 1,3 |
| Estremadura | 0,4 | 1,6 | 0,0 | 1,7 | 0,2 | -4,5 | 11,3 |
| Galicia | -0,4 | -0,6 | 1,2 | -0,7 | 0,0 | -2,9 | 3,2 |
| Madrid | 1,1 | 0,2 | 0,5 | 0,2 | -0,6 | -0,8 | 2,6 |
| Murcia | 1,5 | -1,1 | 1,6 | -1,4 | 2,3 | -3,0 | 8,3 |
| Navarra | 0,5 | 2,5 | -2,6 | 2,9 | 0,0 | -4,0 | 13,9 |
| País Vasco | -0,2 | 0,4 | -0,8 | 0,8 | -2,0 | -1,6 | 2,2 |
| A Rioxa | 1,7 | 3,5 | 0,4 | 3,7 | -1,3 | -0,5 | -0,3 |
| **Total** | 0,6 | 0,0 | -0,3 | 0,0 | -0,4 | -2,3 | 4,9 |

Fonte: *INE*

**1.2.11.**

variación interanual en Galicia ascende en 2013 ata o 1,5%, unha décima máis que no conxunto do Estado, cando no ano precedente o IPC medio anual foi, tanto en Galicia como en España, do 2,4%. No conxunto dos países da zona euro a media anual do IPC situouse no 1,4%.

A nivel provincial, todas as provincias galegas presentan, en termos medios, unha desaceleración no incremento dos prezos ao consumo, desaceleración superior á media galega nos casos das provincias de Ourense e Pontevedra.

Os axentes máis inflacionistas no ano 2013, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, son os integrados nos grupos de bebidas alcohólicas e tabaco, medicina e ensino, se ben en distinta medida. En Galicia o incremento máis acusado no caso das medicinas, cun 7,5%, seguido do grupo das bebidas alcohólicas e tabaco, co 6%, e o ensino, co 3,3%. Cómpre salientar neste último caso que esta medra é case cinco puntos inferior ao do conxunto do Estado, onde os prezos soben de media un 8,1%. Pola contra, tanto en Galicia como en España, os grupos menos inflacionistas foron os de "vestido e calzado" e transporte, rexistrándose procesos de deflación, ao igual que no ano 2012, no caso das comunicacións.

Atendendo á súa distribución segundo produtos, cómpre salientar o incremento das patacas e os seus preparados, co 21,5%, así como dos aceites e grasas, co 13,5%, e o dos medicamentos e materiais terapéuticos, co 9,3%. Por outra banda, cómpre destacar o comportamento, logo do forte incremento en 2012, dos ovos, cun incremento do 5,3%, 18 puntos porcentuais inferior a do ano anterior, así como a evolución dos prezos da calefacción, alumeado e distribución de auga, cunha medra do 0,7%, nove puntos menos que en 2012.

A inflación subxacente (non considera os alimentos non elaborados nin os produtos enerxéticos) contívose no ano 2013, presentando taxas de variación negativas, tanto en Galicia como en España, nos meses de xaneiro, xullo e decembro.

No concernente a outros indicadores de prezos, o **cadro 1.2.11.** amosa que en Galicia, a taxa de variación interanual do índice xeral de prezos industriais (IPI) a decembro de 2013, rexistrou unha caída do 0,4%, incrementándose en seis décimas no conxunto do Estado por mor do impacto da evolución experimentada no caso dos bens enerxéticos. Tan só os bens enerxéticos e de consumo duradeiro presentan taxas de variación positivas en Galicia (3,2% e 1,2%, respectivamente), permanecendo constante no caso dos bens de equipamento. Os bens intermedios presentan os maiores descensos de prezos, cun 2,9%, por diante dos bens de consumo non duradeiro, cun –0,7%.

### • Custos e salarios

O aumento salarial pactado en Galicia no conxunto dos sectores non primarios experimentou unha medra nominal do 0,66%, punto e medio por debaixo do incremento rexistrado no ano anterior. Atendendo á desagregación segundo convenios de empresa e convenios doutro ámbito, o **cadro 1.2.12.** amosa que estes medraron un 1,69% e un 0,53%, respectivamente. A diferenza do que aconteceu en anos anteriores, Galicia presenta un aumento salarial pactado nos convenios de empresa moi superior ao do conxunto do Estado, sendo no último ano similar no caso dos convenios doutro ámbito.

O custo laboral é o custo total no que incorre un empregador pola utilización do factor traballo, incluíndo, polo tanto, o custo salarial así como os chamados "outros custos" (prestacións non salariais e cotizacións obrigatorias á Seguridade Social). O custo laboral por traballador e mes en Galicia rexistrou en 2013 unha medra do 2,4%, (un 0,2% de media no Estado), manténdose non obstante por baixo do custo medio estatal. Segundo reflicte a Enquisa trimestral do mercado laboral (INE), o custo laboral medio ascendeu en Galicia a 2.260,18 euros (un 11,2% inferior á media estatal), o que volve a situar a Galicia coma a terceira Comunidade Autónoma cos custos laborais máis baixos, tan só superada por Estremadura (2.089,24 euros) e Canarias (2.103,59 euros por traballador e mes).

A industria foi novamente, tanto en Galicia coma en España, o sector de actividade cos custos laborais máis elevados, cunha media de 2.630,91 euros en Galicia, o 87,5% da media estatal (**cadro 1.2.13.**). Séguenlle a construción, cun custo laboral medio de 2.416,41 euros (o 89,4% do custo medio estatal) e os servizos, cun custo medio de 2.148,67 euros (o 87,9% do custo medio en España).

O importe das ganancias salariais (pagos ordinarios) por traballador e mes segue situando a Galicia coma a terceira Comunidade Autónoma cos custos salariais ordinarios máis baixos, por detrás de Estremadura e Canarias. Tras un incremento do 0,9%, fronte ao 0,3% experimentado en España, estas ganancias acadaron no último ano os 1.447,25 euros (186,46 euros menos que a media estatal), por diante de Estremadura, con 1.334,67 euros e  Canarias, con 1.375,41 euros de custo salarial ordinario por traballador e mes.

En relación ao tempo de traballo, o número de horas mensuais efectivamente traballadas, entendidas como as realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo, como en xornadas extraordinarias incluíndo as horas perdidas en lugar de traballo, sitúase en Galicia no ano 2013 as 131,9 horas (132,0 no ano anterior), fronte ás 129,7 horas no conxunto do Estado

## Aumento salarial pactado en Galicia e España 2007-2013

| | 2007 | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(%)* | | | | |
| **Galicia** | | | | | | | |
| Total convenios | 4,95 | 4,19 | 3,25 | 2,64 | 2,57 | 2,19 | 0,66 |
| Convenios de empresa | 3,82 | 3,43 | 2,44 | 2,22 | 2,20 | 1,26 | 1,69 |
| Convenios doutro ámbito | 5,11 | 4,29 | 3,34 | 2,69 | 2,63 | 2,51 | 0,53 |
| **España** | | | | | | | |
| Total convenios | 1,00 | 3,00 | 1,96 | 2,24 | 2,17 | 1,13 | 0,57 |
| Convenios de empresa | 3,43 | 3,00 | 2,12 | 1,86 | 2,04 | 1,40 | 0,37 |
| Convenios doutro ámbito | 4,11 | 3,00 | 1,94 | 2,29 | 2,19 | 1,08 | 0,58 |

Fonte: *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*

**1.2.12.**

## Custos laborais en Galicia e España 2012-13: distribución segundo sectores económicos e compoñentes

**2012**

| | Galicia | | | | España | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Industria | Construción | Servizos | Total | Industria | Construción | Servizos |
| | | | | *(en euros)* | | | | |
| **Custo laboral por traballador e mes** | 2.206,21 | 2.516,36 | 2.414,24 | 2.103,65 | 2.540,26 | 2.953,14 | 2.688,86 | 2.446,11 |
| Custo salarial total | 1.618,13 | 1.835,05 | 1.646,69 | 1.559,41 | 1.883,54 | 2.172,15 | 1.872,79 | 1.827,48 |
| Custo salarial ordinario | 1.434,20 | 1.564,43 | 1.421,67 | 1.402,12 | 1.638,89 | 1.831,65 | 1.606,94 | 1.603,45 |
| Outros custos | 588,08 | 681,31 | 767,55 | 544,25 | 656,72 | 780,99 | 816,06 | 618,63 |
| Custo por percepcións non salariais | 89,37 | 107,55 | 192,73 | 73,25 | 102,47 | 130,67 | 189,07 | 89,54 |
| Custo por cotizacións obrigatorias | 514,45 | 595,31 | 590,80 | 485,22 | 571,62 | 673,77 | 643,07 | 545,37 |
| Subvencións e bonificacións da S. Social | 15,74 | 21,55 | 15,98 | 14,22 | 17,37 | 23,45 | 16,08 | 16,28 |
| **Custo laboral por hora efectiva** | | | | | | | | |
| Custo total por hora | 16,75 | 18,25 | 16,95 | 16,32 | 19,55 | 21,54 | 18,92 | 19,18 |
| Custo salarial total por hora | 12,29 | 13,31 | 11,57 | 12,10 | 14,49 | 15,85 | 13,18 | 14,33 |
| Custos salarial ordinario por hora | 10,89 | 11,33 | 9,98 | 10,88 | 12,62 | 13,37 | 11,30 | 12,58 |
| Outros custos por hora | 4,46 | 4,94 | 5,39 | 4,22 | 5,06 | 5,70 | 5,74 | 4,85 |

**2013**

| | Galicia | | | | España | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Industria | Construción | Servizos | Total | Industria | Construción | Servizos |
| | | | | *(en euros)* | | | | |
| **Custo laboral por traballador e mes** | 2.260,18 | 2.630,91 | 2.416,41 | 2.148,67 | 2.544,14 | 3.005,94 | 2.702,31 | 2.443,34 |
| Custo salarial total | 1.656,02 | 1.914,27 | 1.639,81 | 1.590,58 | 1.883,76 | 2.214,01 | 1.882,95 | 1.820,00 |
| Custo salarial ordinario | 1.447,25 | 1.617,45 | 1.428,51 | 1.404,88 | 1.633,71 | 1.860,47 | 1.612,69 | 1.591,38 |
| Outros custos | 604,16 | 716,65 | 776,60 | 558,09 | 660,38 | 791,93 | 819,37 | 623,34 |
| Custo por percepcións non salariais | 85,30 | 104,20 | 183,77 | 70,79 | 96,26 | 116,11 | 177,44 | 86,50 |
| Custo por cotizacións obrigatorias | 528,23 | 621,54 | 602,34 | 496,74 | 574,76 | 687,73 | 651,56 | 547,31 |
| Subvencións e bonificacións da S. Social | 9,38 | 9,09 | 9,50 | 9,43 | 10,65 | 11,92 | 9,64 | 10,48 |
| **Custo laboral por hora efectiva** | | | | | | | | |
| Custo total por hora | 17,16 | 18,87 | 17,03 | 16,69 | 19,64 | 21,82 | 18,94 | 19,24 |
| Custo salarial total por hora | 12,57 | 13,73 | 11,57 | 12,35 | 14,54 | 16,08 | 13,19 | 14,33 |
| Custos salarial ordinario por hora | 10,98 | 11,60 | 10,08 | 10,91 | 12,62 | 13,52 | 11,31 | 12,54 |
| Outros custos por hora | 4,59 | 5,14 | 5,46 | 4,34 | 5,10 | 5,75 | 5,75 | 4,91 |

Fonte: *INE*

**1.2.13.**

## Tempo de traballo segundo traballador e mes en Galicia e España 2012-13: distribución segundo tipo de xornada e sectores de actividade

### 2012

| | Total | | Industria | | Construción | | Servizos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia |
| **Horas pactadas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 151,1 | 153,3 | 167,3 | 162,7 | 163,4 | 167,3 | 147,8 | 149,4 |
| Traballadores a tempo completo | 167,9 | 169,6 | 170,1 | 171,2 | 170,6 | 171,3 | 167,2 | 169,0 |
| Traballadores a tempo parcial | 86,3 | 85,3 | 86,1 | 84,3 | 84,3 | 82,8 | 86,4 | 85,5 |
| **Horas pagadas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 151,3 | 153,3 | 163,1 | 163,1 | 163,7 | 167,4 | 148,0 | 149,2 |
| Traballadores a tempo completo | 168,2 | 169,6 | 170,4 | 171,6 | 170,9 | 171,4 | 167,4 | 168,8 |
| Traballadores a tempo parcial | 86,4 | 85,3 | 86,2 | 84,2 | 84,3 | 82,4 | 86,5 | 85,5 |
| **Horas efectivas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 130,2 | 132,0 | 137,6 | 138,3 | 142,4 | 142,7 | 127,7 | 129,2 |
| Traballadores a tempo completo | 144,3 | 145,2 | 143,4 | 145,0 | 148,5 | 146,1 | 144,0 | 145,2 |
| Traballadores a tempo parcial | 76,2 | 76,7 | 76,5 | 75,8 | 75,3 | 71,6 | 76,2 | 76,9 |
| **Horas non traballadas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 21,6 | 21,7 | 26,7 | 25,5 | 21,6 | 25,0 | 20,6 | 20,4 |
| Traballadores a tempo completo | 24,5 | 24,9 | 28,3 | 27,4 | 22,7 | 25,6 | 23,8 | 24,0 |
| Traballadores a tempo parcial | 10,3 | 8,7 | 9,8 | 8,5 | 9,0 | 11,3 | 10,4 | 8,7 |
| **Horas extras por traballador** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 0,5 | 0,4 | 0,8 | 0,8 | 0,6 | 0,3 | 0,5 | 0,2 |
| Traballadores a tempo completo | 0,6 | 0,4 | 0,9 | 0,9 | 0,6 | 0,4 | 0,6 | 0,3 |
| Traballadores a tempo parcial | 0,2 | 0,1 | 0,1 | 0,0 | - | - | 0,2 | 0,1 |

### 2013

| | Total | | Industria | | Construción | | Servicios | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia |
| **Horas pactadas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 150,4 | 153,1 | 162,8 | 164,1 | 163,7 | 166,4 | 147,1 | 148,8 |
| Traballadores a tempo completo | 168,5 | 169,2 | 170,1 | 171,2 | 170,8 | 170,9 | 167,8 | 168,4 |
| Traballadores a tempo parcial | 86,7 | 87,7 | 88,2 | 100,1 | 83,5 | 70,0 | 86,7 | 86,7 |
| **Horas pagadas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 150,7 | 153,1 | 163,4 | 164,8 | 164,0 | 166,5 | 147,2 | 148,8 |
| Traballadores a tempo completo | 168,8 | 169,3 | 170,8 | 172,0 | 171,1 | 170,9 | 168,1 | 168,3 |
| Traballadores a tempo parcial | 86,9 | 87,7 | 88,2 | 100,1 | 83,4 | 69,7 | 86,9 | 86,7 |
| **Horas efectivas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 129,7 | 131,9 | 138,1 | 139,6 | 142,7 | 141,9 | 127,1 | 128,9 |
| Traballadores a tempo completo | 144,8 | 145,2 | 144,0 | 145,2 | 148,8 | 145,6 | 144,5 | 145,2 |
| Traballadores a tempo parcial | 76,8 | 78,0 | 78,0 | 89,2 | 74,6 | 62,6 | 76,8 | 77,1 |
| **Horas non traballadas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 21,2 | 21,6 | 25,7 | 25,6 | 21,4 | 24,8 | 20,4 | 20,3 |
| Traballadores a tempo completo | 24,3 | 24,5 | 27,2 | 27,2 | 22,6 | 25,6 | 23,8 | 23,6 |
| Traballadores a tempo parcial | 10,2 | 9,9 | 10,4 | 10,9 | 8,8 | 7,4 | 10,2 | 9,8 |
| **Horas extras por traballador** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 0,5 | 0,4 | 0,9 | 0,9 | 0,5 | 0,3 | 0,4 | 0,3 |
| Traballadores a tempo completo | 0,6 | 0,5 | 1,0 | 1,0 | 0,5 | 0,3 | 0,5 | 0,4 |
| Traballadores a tempo parcial | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,0 | 0,0 | - | 0,2 | 0,1 |

Fonte: *INE*

**1.2.14.**

(130,2 horas no ano 2012). Os traballadores a tempo completo teñen en Galicia 145,2 horas efectivamente traballadas (144,8 horas de media en España), e os traballadores a tempo parcial, un total de 78 horas ao mes (76,8 horas no conxunto do Estado).

Seguindo a tendencia de anos anteriores, a construción é o sector de actividade con máis horas pactadas, pagadas e efectivas, seguido pola industria e os servizos.

A pesar de que se mantén practicamente estable o número de horas efectivamente traballadas no ano 2013 en relación ao ano anterior, o custo laboral por hora medra un 2,4% acadando un valor monetario de 17,16 euros, fronte aos 16,75 euros do ano anterior (19,64 euros de media en España, fronte aos 19,55 euros do ano 2012). O custo salarial ordinario por hora medra un 0,8%, situándose tamén por baixo da media estatal (10,98 euros e 12,62 euros, respectivamente).

### Mercado de traballo e produtividade

O mercado de traballo no ano 2013 en Galicia, tal como se analiza con máis detemento no capítulo 2 desta Memoria, reflicte os efectos máis negativos da contracción económica. Así, cunha caída do PIB real do 1,1%, as magnitudes do mercado laboral en Galicia mostran un descenso da poboación activa, perdas de emprego e incrementos de desemprego, sendo especialmente grave no caso das persoas que levan en paro máis de dous anos.

O número de afiliados á Seguridade Social en alta laboral descendeu un 3,1% no ano 2013 en Galicia, (descenso do 4% en 2012), e o número de persoas ocupadas segundo a EPA cae a un ritmo similar ao doa no anterior: 4%. No que atinxe ao desemprego, o número de persoas rexistradas nas oficinas de emprego aumentou nun 2% no último ano, existindo doce mil parados máis (4,4%) segundo as estimacións da EPA. A taxa de paro medrou en Galicia ata o 22,1%, porcentaxe máis de dous puntos porcentuais por debaixo da media española, que no citado ano 2013 acada o 24,4%.

Ao longo do exercicio 2013, a devandita contracción da actividade económica reflíctese nunha nova redución na taxa de ocupación. Esta sitúase no 42,5%, inferior en 1,4 puntos porcentuais á taxa de ocupación media do conxunto do Estado.

Tendo en conta a evolución do PIB (prezos correntes) e o emprego equivalente a tempo completo, a produtividade aparente do traballo, medida como o cociente entre estas dúas variables, volveu a medrar no 2013, tanto en Galicia como en España. No conxunto da economía galega, a medra foi do 3,9%, tres décimas por debaixo do incremento medio da produtividade media española. A comunidade galega presenta incrementos da produtividade aparente en todos os sectores produtivos, a diferenza do acontecido no conxunto do Estado, onde descende no sector primario.

A produtividade aparente do factor traballo representa en Galicia o 93,3% da media estatal, tres décimas por debaixo da media do ano anterior. Como indica o **cadro 1.2.15.**, as produtividades aparentes do emprego de todos os sectores de Galicia, agás o sector primario, seguen por debaixo da media estatal.

Xunto ao problema da ocupación e ao incremento do desemprego, os datos recollidos no **cadro 1.1.11.** *[Mercado de traballo en Galicia e España 2012-13]* reflicten a caída do número de traballadores afectados polos procedementos de regulación de emprego (22,6% menos que no ano anterior), así como unha caída do 2,1%, no

**Produtividade aparente do factor traballo en Galicia e España 2012-13 (1): distribución segundo sectores**

| | 2013 | | 2012 | |
|---|---|---|---|---|
| | Galicia | España | Galicia | España |
| **Produción** (1) | *(prezos correntes, en millóns de euros)* | | | |
| **PIB prezos de mercado** | 55.839,9 | 1.029.279 | 55.797,7 | 1.022.988 |
| **VEB sector primario** | 2.505,3 | 23.215 | 2.458,6 | 24.109 |
| **VEB industria** | 9.638,4 | 163.877 | 9.354,8 | 162.961 |
| **VEB construción** | 5.430,8 | 80.827 | 5.713,6 | 73.203 |
| **VEB servizos** | 33.110,2 | 676.300 | 33.239,1 | 672.900 |
| **Emprego equivalente a tempo completo** | *(en número de persoas)* | | | |
| **Total** | 921.777,0 | 15.854,8 | 956.601,0 | 16.413,9 |
| **Sector primario** | 72.495,0 | 705,2 | 77.602,0 | 715,5 |
| **Industria** | 139.297,0 | 2.081,6 | 146.201,0 | 2.203,5 |
| **Construción** | 73.312,0 | 977,5 | 81.797,0 | 1.108,3 |
| **Servizos** | 636.673,0 | 12.090,5 | 651.001,0 | 12.386,6 |
| **Produtividade aparente** | *(prezos correntes, en miles de euros / ocupado)* | | | |
| **Total** | 60,58 | 64,92 | 58,33 | 62,32 |
| **Sector primario** | 34,56 | 32,92 | 31,68 | 33,70 |
| **Industria** | 69,19 | 78,73 | 63,99 | 73,95 |
| **Construción** | 74,08 | 82,69 | 69,85 | 66,05 |
| **Servizos** | 52,00 | 55,94 | 51,06 | 54,33 |
| **Produtividade aparente** | *(prezos correntes, % G/E )* | | | |
| **Total** | 93,31 | | 93,59 | |
| **Sector primario** | 104,98 | | 94,02 | |
| **Industria** | 87,89 | | 86,52 | |
| **Construción** | 89,59 | | 105,76 | |
| **Servizos** | 92,97 | | 93,99 | |

**(1) (consulta: 28-02-2014)**
Fonte: *INE*

**1.2.15.**

número de empresas inscritas na Seguridade Social no réxime xeral e da minaría de carbón (–1,2% en España) e dun incremento do 3,2% no número de sociedades mercantís creadas no último ano, incremento inferior á media estatal (7,1%).

# 1.3.

# MARCO ORZAMENTARIO

**O escenario financeiro do sector público** en 2013 ven condicionado pola Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, modificada posteriormente pola LO 4/2012, de 28 de setembro. Entre outros aspectos, cómpre sinalar o reparto entre as distintas Comunidades Autónomas do límite do 60% da rateo débeda/PIB, de xeito que o límite para as CC.AA. é o 13% (o 21,6% do total).

A Lei 2/2013, do 27 de febreiro, aproba o orzamento xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, recollendo, segundo reflicte o Informe Económico e Financeiro, as condicións do marco de esforzo para cumprir os compromisos de Galicia. Estes orzamentos están condicionados pola senda de consolidación fiscal fixada pola Comunidade Autónoma para o exercicio 2012-15 e proseguen na consolidación dos obxectivos de política económica recollidos nos cinco eixos de actuación do Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014.

Nese contexto, o Parlamento de Galicia aprobou o límite de gasto non financeiro dos orzamentos para o exercicio 2013 en 8.841 millóns de euros, cifra un 3,6% inferior ao acordado para o ano anterior ( 9.172 millóns de euros).

O orzamento consolidado da Comunidade Autónoma de Galicia para 2013 ascendeu a 9.479,9 millóns de euros, un 3,8% (378,6 millóns de euros) menos que os aprobados no exercicio anterior, o que representa o 16,4% do PIB galego estimado para 2013 e supón 3.442,28 euros/habitante.

Finalmente, cómpre sinalar que o Consello de Ministros de 30 de agosto de 2013 acordou fixar un novo obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública de cada unha das CC.AA. de réxime común para 2013. No caso de Galicia, o obxectivo de déficit máximo é do -1,5% do seu PIB e o de débeda pública do 16,2% do PIB, sendo estas porcentaxes do 1,3% e 19,1%, res-

## Ámbito dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia

| Orzamento consolidado da comunidade autónoma | | | | Enti | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Seccións** | **Organismos Autónomos** | **Entidades públicas instrumentais consulta ou asesoramento** | **Axencias públicas autonómicas** | **Entidades públicas empresariais** | **Consorcios auton** |
| **Parlamento** | | | | | |
| **Consello de Contas** | | | | | |
| **Consello da Cultura Galega** | | | | | |
| **Presidencia da Xunta** | | | AMTEGA<br>Axencia de Turismo de Galicia | CRTVG e sociedades | Instituto de Estudos Turístic |
| **Vicepresidencia e C. Presidencia Admóns. Públicas e Xustiza** | EGAP<br>AGASP | | Axencia Galega de Emerxencias | | Consorcios contraincendios provinciais e comarcais |
| **Facenda** | IGE<br>Consello Galego da Competencia | CES | CIXTEC<br>Axencia Tributaria de Galicia | | |
| **Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras** | IGVS<br>IET | | Axencia Galega de Infraestructuras | Augas de Galicia | APLU<br>Consorcio Casco Vello de V |
| **Economía e Industria** | ICG | | INEGA<br>IGAPE<br>Axencia Galega de Innovación | | |
| **Cultura, Educación e Ordenación Universitaria** | | | AGADIC | | Axencia para a Calidade do Universitario de Galicia<br>Bibliotecas Universitarias d |
| **Sanidade** | SERGAS | | | | |
| **Traballo e Benestar** | Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral | Consello Galego de Relacións Laborais | | | C.Galego de Servizos Igual Benestar |
| **Medio Rural e do Mar** | FOGGA | | Agader<br>Ingacal<br>Intecmar | Portos de Galicia | |
| **Consello Consultivo de Galicia** | | | | | |
| **Transferencias a CC.LL.** | | | | | |
| **Débeda Pública** | | | | | |
| **Gastos diversas Consellerías** | | | | | |

**AGADIC**: Axencia Galega de Industrias Culturais. **AGASP**: Academia Galega de Seguridade Pública. **APLU**: Axencia de Protección da legalidade urbanística. **CES**: Consello Económico e Social. **CI** de Radiotelevisión de Galicia. **EGAP**: Escola Galega de Administración Pública.. **FOGGA**: Fondo galego de Garantía Agraria. FUNGA: Fundación galega para o impulso da autonomía persoal e a ate Galego de Promoción Económica. **IGE**: Instituto Galego de Estatística. **IGVS**: Instituto Galego de Vivenda e Solo. **INEGA**: Instituto Enerxético de Galicia. **SERGAS**: Servicio Galego de Saúde. **SPI**: So

**(1) O Decreto 134/2013, de 1 de agosto, polo que se procede á reorganización das entidades instrumentais adscritas á Consellería de Economía e Industria con competencias en mataeria de innovación e se modific Desenvolvemento Tecnolóxico.**

Fonte: *Xunta de Galicia*

**1.3.1.**

**2013**

**dades públicas que presentan PAIF**

| **ómicos** | **Sociedades mercantís públicas autonómicas** | **Fundacións do sector público autonómico** |
|---|---|---|
| cos | RETEGAL S.A.<br>S.A. Xestión do Xacobeo<br>S. Imaxe e Promoción | F. Deporte Galego |
| s e salvamento | | F. Semana Verde de Galicia<br>F. Galicia Europa<br>Fundación Rof Codina |
| | | |
| Vigo | Sogama S.A.<br>Xestur Coruña S.A.<br>Xestur Lugo S.A.<br>Xestur Ourense S.A.<br>Xestur Pontevedra S.A.<br>SPI Galicia S.A. | |
| | Galicia Calidade S.A.<br>XES Galicia S.A.<br>Sodiga Galicia<br>Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. | F. Feira de Exposicións de Lugo<br>F. Centro Supercomputación<br>F. Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico (1)<br>F. Instituto Ferial de A Coruña<br>F. Exposicións e Congresos A Estrada<br>F. Centro Galego de Artesanía e Deseño |
| Sistema<br>e Galicia | | F. Cidade da Cultura de Galicia<br>F. Camilo José Cela<br>F. Illa de San Simón |
| | Galaria S.A. | F.Instituto Galego de Oftalmoloxía<br>F.P.E.G. Admón Sanitaria<br>F.P. Urxencias Sanitarias 061<br>F.P.Centro de Transfusións de Galicia<br>F.P.G. de Medicina Xenómica |
| dade e | | Funga<br>F. Galega de Formación para o Traballo |
| | Xenética Fontao, S.A.<br>Seaga S.A. | F. Centro Tecnolóxico da Carne<br>F. Centro Tecnolóxico do Mar |
| | | |
| | | |

**XTEC**: centro informático para a xestión tributaria, económico, financeiro e contable. **CRTVG**: Compañía
ención ás persoas en situación de dependencia. **ICG**: Instituto Galego de Consumo. **IGAPE**: Instituto
ciedade Pública de Investimentos.

**a a estrutura da dita consellería, autoriza a extinción da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e**

pectivamente, para o conxunto das Comunidades Autónomas.

## A conta financeira

A conta financeira reflicte información necesaria para coñecer o alcance e composición dos orzamentos. A estimación dos ingresos por operacións correntes no exercicio 2013 sitúase en 7.392,5 millóns de euros, cunha diminución respecto ao exercicio precedente do 5,3%, (414,1 millóns de euros menos), mentres que a estimación dos gastos correntes ascendeu a 7.032,2 millóns de euros, o que supón unha redución do 6,6% respecto ao ano anterior. A evolución destas dúas variables determina que o aforro por operacións correntes da Comunidade aumentara ata os en 360,4 millóns de euros, un 28,9% superior ao estimado nos orzamentos do ano anterior.

No concernente ás operacións de capital, os ingresos experimentan, como consecuencia da redución das transferencias de capital, un decremento do 11,3% respecto aos do ano anterior situándose nos 591,6 millóns de euros. O gasto de capital dos capítulos VI e VII ascende a 1.362,6 millóns de euros, e fínanciase, en parte, cos ingresos por operacións de capital, polo que o saldo resultante determina unha formación de capital nestes orzamentos de 771,0 millóns de euros, que financiada co aforro por operacións correntes e xunto co fondo de continxencia, de 85,0 millóns de euros, determina unha necesidade de financiamento de 495,7 millóns de euros.

A diferenza entre as atencións e os recursos, dentro das operacións financeiras, determinan igualmente unha capacidade de financiamento negativa de 495,7 millóns de euros.

O endebedamento neto, obtido como diferenza entre o endebedamento bruto e as amortizacións

**Conta financeira da C.A. 2012-13** (1)

| | 2012 | 2013 | 13/12 | |
|---|---|---|---|---|
| | (en miles de euros) | | | (%) |
| **Operacións correntes** | | | | |
| **Ingresos** | 7.806.588 | 7.392.533 | -414.055 | -5,3 |
| Impostos directos | 2.030.159 | 1.912.627 | -117.532 | -5,8 |
| Impostos indirectos | 2.958.639 | 2.943.770 | -14.869 | -0,5 |
| Taxas, Prezos públicos e outros ingresos | 180.120 | 201.074 | 20.954 | 11,6 |
| Transferencias correntes | 2.615.835 | 2.311.899 | -303.936 | -11,6 |
| Ingresos patrimoniais | 21.835 | 23.163 | 1.328 | 6,1 |
| **Gastos** | 7.527.090 | 7.032.174 | -494.916 | -6,6 |
| Gastos de persoal | 3.608.515 | 3.381.647 | -226.868 | -6,3 |
| Gastos en bens correntes e servizos | 1.384.474 | 1.371.296 | -13.178 | -1,0 |
| Gastos financeiros | 294.894 | 299.261 | 4.367 | 1,5 |
| Transferencias correntes | 2.239.206 | 1.979.969 | -259.237 | -11,6 |
| **Aforro por operacións correntes** | 279.499 | 360.360 | 80.861 | 28,9 |
| **Operacións de capital** | | | | |
| **Ingresos** | 667.192 | 591.569 | -75.623 | -11,3 |
| Alleamento de investimentos reais | 31.760 | 29.940 | -1.820 | -5,7 |
| Transferencias de capital | 635.433 | 561.629 | -73.804 | -11,6 |
| **Gastos** | 1.531.871 | 1.362.575 | -169.296 | -11,1 |
| Investimentos reais | 781.530 | 699.545 | -81.985 | -10,5 |
| Transferencias de capital | 750.341 | 663.030 | -87.311 | -11,6 |
| **Formación de capital** | 864.479 | 771.006 | -93.473 | -10,8 |
| Fondo de continxencia | 76.320 | 85.012 | 8.692 | 11,4 |
| **Necesidade de financiamento** | -661.500 | -495.659 | 165.841 | -25,1 |
| **Operacións financeiras** | | | | |
| **Atencións** | 723.176 | 1.000.128 | 276.952 | 38,3 |
| Activos financeiros | 175.608 | 166.194 | -9.414 | -5,4 |
| Pasivos financeiros | 547.567 | 833.934 | 286.367 | 52,3 |
| **Recursos** | 1.384.676 | 1.495.787 | 111.111 | 8,0 |
| Activos financeiros | 10.914 | 20.150 | 9.236 | 84,6 |
| Endebedamento bruto | 1.373.761 | 1.475.636 | 101.875 | 7,4 |
| **Necesidade de financiamento** | -661.500 | -495.659 | 165.841 | -25,1 |

(1) orzamento 2012 homoxeneizado
Fonte: *Xunta de Galicia*

1.3.2.

do capítulo IX de ingresos e gastos, respectivamente, alcanza os 641,7 millóns de euros, o que supón unha redución do 22,3% respecto ao ano anterior.

## O ORZAMENTO CONSOLIDADO

Nos orzamentos para o ano 2013 forman parte do orzamento consolidado da Comunidade Autónoma 10 organismos autónomos, as dúas entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento, que teñen a consideración de organismos autónomos a efectos orzamentarios, e 13 axencias públicas autonómicas. Inclúense neste exercicio o Instituto de Estudos do Territorio, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Axencia de Turismo de Galicia, a Axencia Galega de Emerxencias e a Axencia Tributaria de Galicia. Unha vez deducidas as transferencias internas (3.862,9 millóns de euros), o orzamento previsto para o exercicio 2013 ascendeu a 9.479,9 millóns de euros, cun descenso dun 3,8% sobre os orzamentos estimados inicialmente do ano anterior, computados en termos homoxéneos.

**Orzamento consolidado da C.A. 2013: ingresos e gastos**

| Ingresos | (en miles de euros) | ( % / total) |
|---|---|---|
| **Total** | 9.479.889 | 100,00 |
| **Recursos propios** | 6.606.361 | 69,69 |
| Ingresos tributarios | 5.057.471 | 53,35 |
| Ingresos e venda do patrimonio | 53.103 | 0,56 |
| Ingresos por activos e pasivos financeiros | 1.495.787 | 15,78 |
| **Recursos transferidos** | 2.873.529 | 30,31 |
| do Estado | 2.314.910 | 24,42 |
| da Unión Europea | 481.154 | 5,08 |
| outros | 77.465 | 0,82 |

| Gastos | (en miles de euros) | ( % / total) |
|---|---|---|
| **Total** | 9.479.889 | 100,00 |
| **Xestión directa** | 6.836.890 | 72,12 |
| Gastos de persoal | 3.381.647 | 35,67 |
| Gastos de funcionamento | 1.371.296 | 14,47 |
| Gastos financeiros | 299.261 | 3,16 |
| Gastos en activos e pasivos financeiros | 1.000.128 | 10,55 |
| Investimentos | 699.545 | 7,38 |
| Fondo de continxencia | 85.012 | 0,90 |
| **Transferencias ao sector público** | 910.874 | 9,61 |
| a Corporacións Locais | 279.866 | 2,95 |
| a Sociedades e outros entes públicos da C.A. | 617.151 | 6,51 |
| outros | 13.857 | 0,15 |
| **Transferencias ao sector privado** | 1.732.126 | 18,27 |
| familias e entidades sen ánimo de lucro | 1.300.757 | 13,72 |
| empresas | 431.369 | 4,55 |

Fonte: *Xunta de Galicia*

**1.3.3.**

O límite de gasto non financeiro aprobado polo Parlamento de Galicia no seu Pleno de 2 de agosto de 2012 foi de 8.481 millóns de euros, resultado da suma da previsión de ingresos non financeiros, 7.942 millóns, e da capacidade de endebedamento, 407 millóns de euros, aos que habería que engadir 132 millóns máis por axustes na contabilidade nacional. Non obstante, no proxecto de orzamentos a cifra total de gasto é lixeiramente inferior ao teito autorizado polo Parlamento, xa que a actualización das previsións dos ingresos non financeiros en 7.984 1 millóns levou a unha cifra de gasto nos Orzamentos de 8.479,8 millóns de euros.

Polo lado dos gastos, os gastos por operacións correntes acadaron os 7.032,2 millóns de euros, un 6,6% (494,9 millóns de euros) máis que no orzamento homoxeneizado do ano 2012. A maior parte deste tipo de gastos financia as políticas de carácter social e sanitarias. É por isto que a sanidade e o Sergas, no seu conxunto, representan o 36,1% e a educación o 21,8% do total consolidado.

O orzamento estimado para o ano 2013 prevé un descenso superior ao 6% dos gastos de persoal, reflexo da evolución dos salarios públicos, da non reposición de vacantes e da amortización de prazas. As transferencias correntes experimentan unha redución do 11,6%, acadando os 1.980,0 millóns de euros, case 260 millóns menos que o

**Orzamento consolidado da C.A. e estado de execución 2012-13: distribución económica**

| | Orzamento consolidado | | | | | Estado execución |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2012 | 2013 | | | 13/12 | 2013 |
| | (en millóns de euros) (1) | | (% / total) | (% / PIB) (2) | (%) | (en millóns de euros) (3) |
| **Ingresos non financeiros** | 8.473,8 | 7.984,1 | 100,0 | 13,8 | -5,8 | 7.855,1 |
| **Ingresos correntes** | 7.806,6 | 7.392,5 | 92,1 | 12,8 | -5,3 | 7.222,3 |
| I Impostos diretos | 2.030,2 | 1.912,6 | 24,0 | 3,3 | -5,8 | 2.023,4 |
| II Impostos indiretos | 2.958,6 | 2.943,8 | 34,9 | 5,1 | -0,5 | 2.892,2 |
| III Taxas, prezos e outros ingresos | 180,1 | 201,1 | 2,1 | 0,3 | 11,6 | 114,4 |
| IV Transferencias correntes | 2.615,8 | 2.311,9 | 30,9 | 4,0 | -11,6 | 2.158,4 |
| V Ingresos patrimoniais | 21,8 | 23,2 | 0,3 | 0,0 | 6,1 | 33,9 |
| **Ingresos de capital** | 667,2 | 591,6 | 7,9 | 1,0 | -11,3 | 632,8 |
| VI Alleamento de investimentos reais | 31,8 | 29,9 | 0,4 | 0,1 | -5,7 | 1,1 |
| VII Transferencias de capital | 635,4 | 561,6 | 7,5 | 1,0 | -11,6 | 631,7 |
| **Gastos non financeiros** | 9.135,3 | 8.479,8 | 100,0 | 14,7 | -7,2 | 8.634,0 |
| **Gastos correntes** | 7.527,1 | 7.032,2 | 82,4 | 12,2 | -6,6 | 7.241,3 |
| I Gastos de persoal | 3.608,5 | 3.381,6 | 39,5 | 5,9 | -6,3 | 1.793,6 |
| II Gastos en bens correntes e servizos | 1.384,5 | 1.371,3 | 15,2 | 2,4 | -1,0 | 502,7 |
| II Gastos financeiros | 294,9 | 299,3 | 3,2 | 0,5 | 1,5 | 298,7 |
| IV Transferencias correntes | 2.239,2 | 1.980,0 | 24,5 | 3,4 | -11,6 | 4.646,2 |
| **V Fondo de continxencia** | 76,3 | 85,0 | 0,8 | 0,1 | 11,4 | 0,0 |
| **Gastos de capital** | 1.531,9 | 1.362,6 | 16,8 | 2,4 | -11,1 | 1.392,7 |
| VI Investimentos reais | 781,5 | 699,5 | 8,6 | 1,2 | -10,5 | 261,3 |
| VII Transferencias de capital | 750,3 | 663,0 | 8,2 | 1,1 | -11,6 | 1.131,5 |
| **Saldo non financeiro** | -661,5 | -495,7 | | | | -778,9 |
| **PIB nominal** | 59.189,0 | 57.669,0 | | | | |

(1) orzamento 2012 homoxeneizado
(2) PIB estimado para o 2013 nos orzamentos = 57.669
(3) nos ingresos tómanse como referencia os dereitos recoñecidos netos e no caso dos gastos as obrigas recoñecidas netas
Fonte: *Xunta de Galicia*

**1.3.4.**

presupostado no exercicio 2012. Tan só os gastos financeiros presentan unha medra respecto ao ano anterior, cun 1,5% (4,4 millóns de euros), como consecuencia do pago dos intereses da débeda.

Dentro dos gastos non financeiros a partida que acumula un maior descenso en termos relativos son os correspondentes ás operacións de capital, cunha merma do 11,1%. Dos 1.362 millóns previstos para 2013, salientan neste concepto os gastos da Consellería de Medio Rural e Mar e os seus organismos dependentes, que en conxunto acadan os 446,6 millóns de euros, e os da Axencia Galega de Infraestruturas, con 224,1 millóns.

Dende o punto de vista da súa distribución funcional, os orzamentos da Comunidade autónoma para 2013 prevé unha redución no gasto na meirande parte das partidas. A produción de bens públicos de carácter social acolle a parte máis importante do orzamento consolidado, con 5.718,1 millóns de euros (5,2% menos que no ano anterior), ao acoller o 60,3% do presuposto consolidado. Dentro do gasto social, a sanidade e a educación con 3.417,8 e 2.066,8 millóns de euros respectivamente, acollen conxuntamente o 57,9% do orzamento consolidado total para o ano 2012. En relación ao ano anterior, o gasto en sanidade redúcese un 3,2 % e o de educación un 6,1%.

**Orzamento consolidado de gastos da C.A. 2009-13: distribución funcional (1)**

| Funcións | 2012 (en miles de euros) | 2012 ( % / total) | 2012 (% / PIB) | 2013 (en miles de euros) | 2013 ( % / total) | 2013 (% / PIB) | 13/12 (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **1 Actuacións de carácter xeral** | 223.379 | 2,3 | 0,4 | 209.618 | 2,2 | 0,4 | -6,2 |
| 11 Alta dirección da Com. Autónoma | 38.423 | 0,4 | 0,1 | 36.353 | 0,4 | 0,1 | -5,4 |
| 12 Administración Xeral | 63.317 | 0,6 | 0,1 | 54.025 | 0,6 | 0,1 | -14,7 |
| 13 Xustiza | 105.370 | 1,1 | 0,2 | 105.706 | 1,1 | 0,2 | 0,3 |
| 14 Administración local | 6.571 | 0,1 | 0,0 | 3.726 | 0,0 | 0,0 | -43,3 |
| 15 Normalización lingüística | 9.698 | 0,1 | 0,0 | 7.454 | 0,1 | 0,0 | -23,1 |
| 1.117.035 | 300,9 | 2.170.163 | 1.055.380 | 1.114.783 | 300,0 | -9.821 | -7.242 | -2.579 |
| 160.099 | 63,2 | 316.474 | 157.201 | 159.273 | 62,7 | -3.607 | -2.440 | -1.167 |
| 41.211 | 4.449,2 | 84.672 | 43.294 | 41.378 | 4.456,4 | 478 | 114 | 364 |
| 40.506 | 6.432,2 | 83.251 | 42.656 | 40.595 | 6.403,9 | 598 | -89 | 687 |
| 23.710.132 | 92,3 | 46.609.652 | 22.941.196 | 23.668.456 | 92,1 | -156.751 | -114.526 | -42.226 |
| 6,01 | | 5,91 | 5,81 | 6,01 | | | | |

ción máis que no ano anterior. Nos últimos cinco anos, o incremento poboacional máis significativo entre estas sete cidades corresponde a Lugo, cunha medra do 3,5% (3.345 persoas máis), por diante de Pontevedra, cun 2,7% (2.185 persoas) e Santiago de Compostela, cun 1,8% (1.702 habitantes). No extremo oposto sitúase Ferrol, que experimenta unha perda de poboación de case 3.500 persoas, o que significa o 4,6%.

Atendendo ao tamaño dos concellos, no conxunto dos 57 municipios galegos que a 1 de xaneiro de 2013 contaban cunha poboación empadroada superior aos 10.000 habitantes residen 1.928.472 persoas, o que supón o 69,7% do total da poboación de Galicia. No período 2008–13, os concellos que neses anos contaban con máis de 10.000 habitantes presentaron unha medra de case 36.000 persoas, pasando o seu peso relativo dende o 68% ata o devandito 69,7% de 2013 (67,4% no ano 2003).

Pola contra, o devandito **cadro 1.4.4.** reflicte o descenso poboacional nos concellos cun tamaño entre 5.000 e 9.999 habitantes e entre 1.500 e 4.999 habitantes. No primeiro caso, tras un descenso de case 31.500 persoas empadroadas, o seu peso relativo é do 13,9%, fronte ao 14,9% de 2008 (15,6% no ano 2003). No que se refire aos concellos de 1.500 a 4.999 habitantes, o descenso experimentado superou as 29.000 persoas, pasando o seu peso relativo dende o 15% de 2008 ao 14% en 2013 (15,3% no ano 2003). Fronte a esta caída, nos municipios de menos de 1.500 habitantes, os datos dos padróns municipais de habitantes a un de xaneiro de 2008 e




Fonte: *IGE*

**1.4.2.**

2013 reflicten unha medra poboacional de 6.314 habitantes, o 10,6%, acollendo os 55 concellos galegos (41 deles ubicados en Ourense) que en 2013 tiñan menos de 1.500 residentes empadroados o 2,4% da poboación galega.

A desagregación provincial da análise dos devanditos datos do tamaño dos concellos reflicte non só o incremento, nas catro provincias galegas, da poboación empadroada en concellos de máis de dez mil habitantes, senón tamén a elevada concentración da poboación pontevedresa nestes concellos. A un de xaneiro de 2013, estes concellos acollen o 83,1 % da poboación empadroada na provincia, porcentaxe moi lonxana da que presentan Lugo e Ourense, co 47% e 52,4%, respectivamente.

Asemade, cómpre salientar o elevado peso relativo que na provincia de Ourense ten a poboación residente en concellos con menos de 1.500 habitantes. Tras unha medra de máis de catro mil empadroamentos, un 11,4% respecto ao ano 2008, estes concellos acollen o 12,6% da poboación da provincia, 1,6 puntos porcentuais por riba da rexistrada en 2008. Se se considera en conxunto a poboación residente en concellos con menos de 5.000 persoas empadroadas, máis do

**Poboación residente en Galicia 2003-13: distribución provincial, nas 7 grandes cidades e segundo concellos**

| | 2003 | 2008 | 2009 | 2012 | 2013 | Poboación a 1 de xaneiro de 2012 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Menores 16 | De 16 a 64 | 65 e máis |
| | | | | | | (% sobre poboación) | | |
| **Galicia** | 2.751.094 | 2.784.169 | 2.796.089 | 2.781.498 | 2.761.969 | 12,5 | 64,7 | 22,9 |
| **A Coruña** | 1.120.814 | 1.139.121 | 1.145.488 | 1.143.911 | 1.138.494 | 12,6 | 65,3 | 22,0 |
| **Lugo** | 360.512 | 355.549 | 355.195 | 348.902 | 344.845 | 10,2 | 61,7 | 28,1 |
| **Ourense** | 342.213 | 336.099 | 335.642 | 330.257 | 325.389 | 10,3 | 60,4 | 29,4 |
| **Pontevedra** | 927.555 | 953.400 | 959.764 | 958.428 | 953.241 | 13,9 | 66,4 | 19,7 |
| **Galicia occidental costa** | 1.919.458 | 1.965.482 | 1.978.414 | 1.981.576 | 1.974.300 | | | |
| **Galicia interior** | 831.636 | 818.687 | 817.675 | 799.922 | 791.640 | | | |
| **Sete grandes cidades** | 986.197 | 993.124 | 998.749 | 999.907 | 998.912 | 13,2 | 66,3 | 20,5 |
| **Vigo** | 292.566 | 295.703 | 297.332 | 297.355 | 296.479 | 13,9 | 67,2 | 18,9 |
| **A Coruña** | 243.902 | 245.164 | 246.056 | 246.146 | 245.923 | 12,4 | 65,6 | 22,0 |
| **Ourense** | 109.475 | 107.057 | 107.742 | 107.597 | 107.542 | 12,7 | 64,4 | 22,9 |
| **Lugo** | 91.158 | 95.416 | 96.678 | 98.457 | 98.761 | 13,5 | 66,5 | 19,9 |
| **Santiago de Compostela** | 92.339 | 94.339 | 95.092 | 95.671 | 96.041 | 12,9 | 68,1 | 18,9 |
| **Pontevedra** | 77.993 | 80.749 | 81.576 | 82.684 | 82.934 | 15,2 | 67,1 | 17,7 |
| **Ferrol** | 78.764 | 74.696 | 74.273 | 71.997 | 71.232 | 11,8 | 63,5 | 24,6 |
| **Concellos segundo tamaño** | | | | | | | | |
| **> 10.000 hab.** | 1.854.742 | 1.892.517 | 1.918.926 | 1.951.147 | 1.928.472 | 13,2 | 65,7 | 21,1 |
| **5.000 a 9.999 hab.** | 427.927 | 414.773 | 401.010 | 366.623 | 383.346 | 11,6 | 63,4 | 24,9 |
| **1.500 a 4.999 hab.** | 421.224 | 417.367 | 414.966 | 397.427 | 388.296 | 8,3 | 58,8 | 32,9 |
| **< 1.500 hab.** | 47.201 | 59.512 | 61.187 | 66.301 | 65.826 | 5,6 | 54,8 | 39,6 |

Fonte: elaboración propia *CES-Galicia* a partir de datos do *INE*

**1.4.3.**

**Poboación residente en Galicia 2003, 2008 e 2013: distribución segundo tamaño dos concellos**




Fonte: elaboración propia *CES-Galicia* a partir de datos do *INE*

**1.4.4.**

**Poboación residente en Galicia 2013: distribución segundo grao de urbanización dos concellos**

| | Concellos | Poboación | % poboación | % superficie |
|---|---|---|---|---|
| Zonas densamente poboadas | 10 | 939.463 | 34,0 | 2,2 |
| Zonas intermedias | 61 | 925.204 | 33,5 | 10,8 |
| Z.I. altas | 26 | 641.594 | 23,2 | 5,7 |
| Z.I. baixa | 35 | 283.610 | 10,3 | 5,1 |
| Zonas pouco poboadas | 244 | 901.273 | 32,6 | 87,1 |
| Z.P.P. altas | 21 | 223.445 | 8,1 | 8,2 |
| Z.P.P. intermedia | 32 | 201.067 | 7,3 | 10,8 |
| Z.P.P. baixa | 191 | 476.761 | 17,2 | 68,1 |

Fonte: *IGE*

**1.4.5.**

40% da poboación de Ourense e máis do 37% da de Lugo está empadroada neses concellos, sendo esta porcentaxe do 16,4 % en Galicia.

O Instituto Galego de Estatística, baseándose en estándares europeos, establece unha clasificación do grao de urbanización dos concellos galegos, entendendo por grao de urbanización o tipo de localidade na que reside un individuo segundo o seu carácter urbano ou rural, establecendo tres categorías: Zonas densamente poboadas (ZDP), Zonas intermedias (ZIP) e Zonas pouco poboadas (ZPP). O **cadro 1.4.5.** reflicte que os 10 concellos que conforman as denominadas ZDP (A Coruña, Ferrol, Oleiros, Ourense, Cangas, Marín, Moaña, Pontevedra, Redondela e Vigo) acollen o 34% da poboación galega a 1 de xaneiro de 2013, cando a súa superficie supón o 2,2%. Un 33,4% dos empadroados en Galicia residen nas ZIP (o 10,8% da superficie galega) e o restante 32,6% da poboación, nas ZPP (o 87,1% do territorio). Comparado coa situación no ano 2009, a poboación empadroada tan só medra nas zonas intermedias, descendendo tanto no caso das zonas densamente poboadas como no das zonas pouco poboadas.

### • Idade e sexo

Tal como acontece a nivel estatal e na grande maioría das CC.AA., no conxunto da poboación hai maior presenza de mulleres que de homes. Así, en Galicia o 51,6% do total da poboación son mulleres. Neste senso, pese a que o número de nacementos de homes segue a ser maior que o de mulleres, a maior supervivencia feminina é a causante deste maior número de mulleres, cobrando relevancia no caso galego os efectos históricos da emigración, que foi maioritariamente masculina.

A idade media en Galicia no ano 2013 é de 45,6 anos, fronte aos 41,8 anos de media no conxunto do Estado, e tan só superada por Asturias (46,5 anos) e Castela e León (45,7 anos). Os datos do INE amosan que a idade media das mulleres é superior á dos homes en todas as comunidades autónomas, situándose na galega en 47,1 anos no caso das mulleres e 43,1 anos no dos homes (43,9 e 40,5 anos en España, respectivamente).

No que respecta á estrutura da poboación por idades, tal e como se amosa no **cadro 1.4.6.**, un 11,9% da poboación residente en Galicia o un de xullo de 2013 é menor de 15 anos, un 29,4% ten unha idade comprendida entre os 15 e os 39 anos e un 35,3% ten entre 40 e 64 anos. O restante 23,3% da poboación (26,1% no caso das mulleres) estaría conformado por persoas maio-

**Poboación de dereito nas CC.AA. a 1 de xullo de 2013: distribución segundo grupos de idade**

| | Total | Grupos de idade | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 0-14 | 15-39 | 40-64 (%) | >65 | >85 |
| Andalucía | 8.390.624 | 16,55 | 33,85 | 33,87 | 15,73 | 1,88 |
| Aragón | 1.334.588 | 14,20 | 30,49 | 34,85 | 20,45 | 3,54 |
| Asturias | 1.063.241 | 10,99 | 27,86 | 37,89 | 23,25 | 3,88 |
| Baleares | 1.115.255 | 15,46 | 35,22 | 34,60 | 14,72 | 1,95 |
| Canarias | 2.110.039 | 14,58 | 34,52 | 36,46 | 14,43 | 1,52 |
| Cantabria | 588.638 | 13,60 | 30,05 | 36,75 | 19,60 | 3,28 |
| Castela e León | 2.507.574 | 12,18 | 28,48 | 35,90 | 23,45 | 4,36 |
| Castela-A Mancha | 2.084.635 | 15,65 | 33,35 | 33,12 | 17,88 | 3,00 |
| Cataluña | 7.451.281 | 15,91 | 32,08 | 34,29 | 17,72 | 2,68 |
| C. Valenciana | 4.968.093 | 15,29 | 32,06 | 34,74 | 17,91 | 2,29 |
| Estremadura | 1.098.749 | 14,35 | 31,90 | 34,34 | 19,42 | 2,90 |
| Galicia | 2.753.960 | 11,94 | 29,43 | 35,33 | 23,30 | 3,67 |
| Madrid | 6.388.735 | 15,80 | 33,29 | 34,69 | 16,22 | 2,36 |
| Murcia | 1.463.028 | 17,66 | 34,98 | 32,66 | 14,70 | 1,86 |
| Navarra | 636.652 | 15,69 | 31,02 | 34,78 | 18,52 | 3,07 |
| País Vasco | 2.170.163 | 14,04 | 28,51 | 36,81 | 20,64 | 3,04 |
| A Rioxa | 316.474 | 14,96 | 30,80 | 34,90 | 19,34 | 3,30 |
| Ceuta | 84.672 | 21,04 | 36,49 | 31,56 | 10,91 | 1,02 |
| Melilla | 83.251 | 23,50 | 36,41 | 30,28 | 9,82 | 1,12 |
| **Total** | 46.609.652 | 15,18 | 32,20 | 34,71 | 17,90 | 2,60 |

Fonte: *INE*

**1.4.6.**

**Poboación 2008-13: distribución segundo grupos de idade**

| | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Total | 2.784.169 | 2.796.089 | 2.797.653 | 2.795.422 | 2.781.498 | 2.761.971 |
| 0-14 | 314.539 | 318.109 | 321.363 | 324.119 | 326.611 | 329.029 |
| 15-39 | 932.576 | 920.748 | 901.863 | 880.621 | 854.160 | 823.893 |
| 40-64 | 934.192 | 945.411 | 954.719 | 961.205 | 964.848 | 970.808 |
| >65 | 602.862 | 611.821 | 619.708 | 629.477 | 635.879 | 638.241 |

Fonte: *INE*

**1.4.7.**

res de 65 anos. Comparando con outras CC.AA., Galicia é a segunda, por detrás de Castela -León, cunha maior porcentaxe de persoas maiores de 65 anos sobre o total de poboación (terceira no caso da poboación maior de 85 anos, sendo o seu peso relativo do 3,7% da poboación total galega e do 4,8 % no caso das mulleres).

Na evolución ao longo dos últimos cinco e dez anos da estrutura da poboación galega por idades, **cadro 1.4.8.**, obsérvanse pautas demográficas diferentes, que axudan a explicar o progresivo envellecemento da poboación galega. O descenso da poboación total entre 2008 e 2013 (30.209 habitantes menos) explícase pola redución dun 13,1% da poboación con idades comprendidas entre os 15 e os 39 anos (122.221 persoas). A evolución dos restantes grupos de idade

**Poboación residente en Galicia 2003-2013: distribución segundo grupos de idade**




Fonte: *IGE*

**1.4.8.**

mostra taxas de variación positivas, sendo o incremento máis acusado o experimentados polo grupo de maiores de 65, cun 6,5%.

Do mesmo xeito, a perda de poboación sufrida por Galicia no último ano (11.785 habitantes menos entre xullo de 2012 e 2013), concéntrase exclusivamente na poboación entre 15 e 39 anos (26.477 persoas menos), o que contribúe a acentuar o xa moi elevado envellecemento da poboación galega.

Graficamente, no **cadro 1.4.9.** pode apreciarse a variación da estrutura poboacional de Galicia e o seu grado de envellecemento, onde o peso relativo da poboación maior de 85 anos representa en 2013 o 3,7% da poboación total, sete décimas más que o 1 de xaneiro do ano 2008. Asemade hai que ter en conta a medra do peso relativo da poboación con idades comprendidas entre 65 e 85 anos e ente 40 e 64 anos, que representan no último ano o 19,6% e o 35,3% da poboación empadroada en Galicia.

Poboación residente en Galicia e España 2008-13: estrutura segundo grupos de idade




Fonte: *IGE*

**1.4.9.**

A análise da distribución da poboación por grandes grupos de idade e tamaño dos municipios amosa a devandita heteroxeneidade territorial. Dunha banda, mentres que no conxunto de Galicia a poboación que ten máis de 65 anos representa en torno ao 23% (menos do 20% no concellos de máis de 10.000 habitantes), nos municipios máis pequenos preto do 40% da súa poboación ten máis de 65 anos, situándose esta porcentaxe no 32,9% nos concellos cunha poboación entre 1.500 e 4.999 empadroamentos. Nos concellos máis pequenos a poboación menor de 16 anos sitúase case sete puntos porcentuais por baixo da rexistrada no conxunto de Galicia (5,6% e 12,5%, respectivamente).

Como reflicte o devandito **cadro 1.4.3.**, das sete grandes cidades de Galicia, Pontevedra e Vigo son as que presentan as maiores porcentaxes de persoas menores de 16 anos (15,2% e 13,9%, respectivamente) e as menores porcentaxes no caso das persoas de 65 e máis anos (17,7% e 18,9%, respectivamente). Por contra, na cidade de Ferrol o 11,8% da poboación ten

**Poboación estranxeira residente e poboación total en Galicia e España a 1 de xullo de 2013**

| | Estranxeiros | | | Poboación total | | | Estranx. / total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | (%) |
| **España** | 4.870.486 | 2.489.646 | 2.380.840 | 46.609.652 | 22.941.196 | 23.668.456 | 10,4 |
| **Galicia** | 98.435 | 49.968 | 48.467 | 2.753.960 | 1.331.781 | 1.422.179 | 3,6 |
| A Coruña | 35.134 | 17.018 | 18.117 | 1.135.678 | 546.480 | 589.198 | 3,1 |
| Lugo | 13.510 | 6.977 | 6.534 | 343.161 | 166.757 | 176.405 | 3,9 |
| Ourense | 14.393 | 7.432 | 6.961 | 323.435 | 156.186 | 167.249 | 4,5 |
| Pontevedra | 35.397 | 18.543 | 16.854 | 951.685 | 462.359 | 489.326 | 3,7 |
| (%) | | | | | | | |
| **Galicia / España** | 2,0 | 2,0 | 2,0 | 5,9 | 5,8 | 6,0 | |
| **A Coruña / Galicia** | 35,7 | 34,1 | 37,4 | 41,2 | 41,0 | 41,4 | |
| **Lugo / Galicia** | 13,7 | 14,0 | 13,5 | 12,5 | 12,5 | 12,4 | |
| **Ourense / Galicia** | 14,6 | 14,9 | 14,4 | 11,7 | 11,7 | 11,8 | |
| **Pontevedra / Galicia** | 36,0 | 37,1 | 34,8 | 34,6 | 34,7 | 34,4 | |

Fonte: *INE*

**1.4.10.**

**Poboación residente en Galicia 2013: distribución segundo nacionalidade e orixe**

| | Poboación a 1 de xaneiro | | | Poboación a 1 de xullo | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Nacionalidade española | Nacionalidade non española | Total | Nacionalidade española | Nacionalidade non española |
| **Total** | 2.761.970 | 2.658.592 | 103.378 | 2.753.960 | 2.655.525 | 98.435 |
| **España** | 2.548.200 | 2.544.029 | 4.171 | 2.541.056 | 2.536.677 | 4.379 |
| **Resto UE** | 64.885 | 29.386 | 35.499 | 64.530 | 29.473 | 35.057 |
| **Resto Europa** | 19.900 | 17.672 | 2.228 | 19.811 | 17.612 | 2.199 |
| **África** | 14.446 | 2.913 | 11.533 | 14.495 | 3.130 | 11.365 |
| **América** | 108.824 | 63.197 | 45.627 | 108.275 | 67.186 | 41.089 |
| América do Norte | 6.906 | 5.304 | 1.602 | 6.900 | 5.290 | 1.610 |
| América Central e Caribe | 16.858 | 8.915 | 7.943 | 17.102 | 9.901 | 7.201 |
| América do Sur | 85.060 | 48.978 | 36.082 | 84.273 | 51.995 | 32.278 |
| **Asia** | 5.334 | 1.164 | 4.170 | 5.408 | 1.210 | 4.198 |
| **Oceanía** | 381 | 232 | 149 | 387 | 236 | 151 |

Fonte: *INE*

**1.4.11.**

menos de dezaseis anos e case un 25% supera os 65 anos.

Atendendo á devandita clasificación dos concellos segundo o seu grao de urbanización, a zona máis rural de Galicia é que presenta unha poboación máis envellecida, cunha media de idade que no ano 2012 era de 52,1 anos, case sete anos máis que a media galega.Nas zonas densamente poboadas a idade media sitúase nos 44 anos e nas zonas intermedias está por baixo das 43 anos.

## • Movementos migratorios

A 1 de xullo de 2013 en Galicia residían un total de 98.435 estranxeiros, case cinco mil persoas menos que a principio de ano. A poboación estranxeira representa o 3,6% da poboación total residente en Galicia, lonxe do 10,4% que




(1) os datos de 2013 corresponden ao primeiro trimestre
Fonte: *INE*

1.4.12.

**Movementos migratorios con terceiros países no 1º semestre de 2013: distribución segundo nacionalidade**

| | Inmigracións | Emigracións | Saldo migratorio |
|---|---|---|---|
| **Total** | 3.876 | 5.680 | -1.804 |
| **Españois** | 1.216 | 2.650 | -1.434 |
| Nacidos en España | 746 | 1.978 | -1.232 |
| Nacidos no estranxeiro | 471 | 672 | -201 |
| **Estranxeiros** | 2.650 | 3.030 | -380 |
| Nacidos en España | 55 | 68 | -13 |
| Nacidos no estranxeiro | 2.604 | 2.963 | -359 |

Fonte: *INE*

1.4.13.

representa a poboación estranxeira no conxunto da poboación estatal, situándose como a segunda Comunidade Autónoma con menor peso relativo, por detrás de Estremadura. Na Comunidade galega tan só reside o 2% dos estranxeiros residentes no Estado español.

En termos absolutos, as provincias de Pontevedra, con 35.397 persoas, e A Coruña, con 35.134, son as que teñen unha maior presenza de estranxeiros. Atendendo ao seu peso relativo respecto ao total de poboación, a provincia galega na que máis relevancia teñen os estranxeiros é Ourense, cun 4,5% da súa poboación total, seguida de Lugo e Pontevedra, cunha porcentaxe lixeiramente inferior ao catro por cento (3,9% e 3,7%, respectivamente), en tanto que en A Coruña se sitúa nun 3,1%.

Deste xeito, a caída da poboación galega no primeiro semestre de 2013 ven explicada non só polo descenso da poboación de nacionalidade

española (3.067 persoas) senón tamén pola caída do número de estranxeiros empadroados en Galicia (4.943 persoas). Este descenso apréciase nas catro provincias galegas, sendo máis acusado, tanto en termos absolutos como relativos, o de A Coruña, con 2.170 estranxeiros menos (5,82%).

No que respecta á nacionalidade de orixe dos estranxeiros residentes en Galicia, **cadro 1.4.11.**, do total dos estranxeiros que residen en Galicia a 1 de xullo de 2013, o 42,3% procede do continente europeo e un 41,7%, do continente americano, dos que un 78,9% procederían de América do Sur. O 11,5% e o 4,5% restantes serían de nacionalidade africana  e procedentes de Asia e Oceanía, respectivamente. Comparado coa situación a principios dese ano, aumenta 1,8 puntos porcentuais o peso relativo dos estranxeiros procedentes de Europa, descendendo case dous puntos e medio no caso do continente americano.

No primeiro semestre de 2013 aumenta en Galicia o número de residentes procedentes do estranxeiro que dispoñen de nacionalidade española, situándose nas 118.848 persoas a 1 de xullo dese ano (4.285 máis que a un de xaneiro). Atendendo á súa distribución segundo continentes, cómpre salientar que o 61,7% da poboación procedente de América do Sur e residente en Galicia, case 52.000 presidentes, ten a nacionalidade española, situándose esta porcentaxe no 45,7%, 29.473 persoas, no caso da Unión Europea (agás España).

Unha análise da evolución das cifras das **variacións residenciais** e das migracións permite intuír o efecto que exercen os movementos migratorios exteriores, isto é, os que se producen cara ou dende o resto de España e o estranxeiro, na evolución demográfica galega.  No primeiro semestre de 2013 o saldo migratorio exterior mantense negativo, ao igual que no conxunto do ano anterior. Como se aprecia no **cadro 1.4.12.**, no primeiro semestre do ano tanto as saídas cara ao resto de España como cara a terceiros países superan ao volume de entradas rexistradas.

No que ás migracións cara terceiros países se refire, no primeiro semestre de 2013 un total de 3.786 persoas procedentes do estranxeiro estableceron a súa residencia en Galicia, en tanto que case 5.700 persoas abandoaron a Comunidade Autónoma galega con destino a outros países. Como resultado, o saldo migratorio negativo sitúase en 1.804, cifra que case duplica á rexistrada en todo o ano anterior (–933).

Os datos do INE recollidos no **cadro 1.4.13.** amosan como o saldo migratorio negativo rexístrase, con independencia de onde tiñan nacido, tanto no caso das persoas de nacionalidade española como estranxeira. Dunha banda, o fluxo de entrada en Galicia, que se compón de 1.216 persoas de nacionalidade española e 2.660 de nacionalidade estranxeira, medrou respecto ao rexistrado no mesmo período do ano anterior. Doutra banda, das 5.680 persoas residentes en Galicia que marcharon cara a terceiros países (un 15,6% máis que no ano anterior), 2.650 eran españolas, dos que case dous mil naceran en España. Deste xeito, o saldo migratorio negativo das persoas de nacionalidade española é de 1.434 e de 370 no caso das persoas estranxeiras.

No que atinxe aos movementos entre comunidades autónomas, o saldo migratorio interautonómico para Galicia tamén é negativo. Os datos provisionais correspondentes ao primeiro semestre de 2013 indican que este é de –159 cando no conxunto do ano anterior o seu signo era positivo (768).

A evolución conxunta dos movementos migratorios e do crecemento vexetativo (diferenza entre nacementos e defuncións) explica a importante

**Indicadores demográficos das CC.AA. no primeiro semestre de 2013**

| | Poboación a 1 de xaneiro | Saldo migratorio | | Crecemento vexetativo | Poboación a 1 de xullo |
|---|---|---|---|---|---|
| | | con terceiros países | co resto das CC.AA. | | |
| Andalucía | 8.393.159 | -4.931 | -3.633 | 6.029 | 8.390.624 |
| Aragón | 1.338.308 | -2.814 | 297 | -1.203 | 1.334.588 |
| Asturias | 1.067.802 | -793 | -570 | -3.198 | 1.063.241 |
| Baleares | 1.110.115 | 84 | 4.098 | 958 | 1.115.255 |
| Canarias | 2.105.232 | 3.556 | 1.313 | -62 | 2.110.039 |
| Cantabria | 590.037 | -635 | -191 | -573 | 588.638 |
| Castela e León | 2.518.528 | -1.606 | -4.231 | -5.117 | 2.507.574 |
| Castela-A Mancha | 2.094.391 | -4.933 | -4.927 | 104 | 2.084.635 |
| Cataluña | 7.480.921 | -31.330 | -1.637 | 3.327 | 7.451.281 |
| C. Valenciana | 4.987.017 | -19.108 | 71 | 113 | 4.968.093 |
| Estremadura | 1.100.968 | -448 | -399 | -1.372 | 1.098.749 |
| Galicia | 2.761.970 | -1.804 | -159 | -6.047 | 2.753.960 |
| Madrid | 6.414.709 | -44.111 | 7.718 | 10.419 | 6.388.735 |
| Murcia | 1.461.987 | -2.450 | 920 | 2.571 | 1.463.028 |
| Navarra | 638.949 | -2.466 | -122 | 291 | 636.652 |
| País Vasco | 2.177.006 | -7.825 | 1.318 | -336 | 2.170.163 |
| A Rioxa | 318.639 | -1.976 | -183 | -6 | 316.474 |
| Ceuta | 84.534 | -232 | 68 | 302 | 84.672 |
| Melilla | 83.619 | -1.093 | 248 | 477 | 83.251 |
| **Total** | 46.727.890 | -124.915 | 0 | 6.677 | 46.609.652 |

Fonte: *INE*

**1.4.14.**

redución da poboación en Galicia no primeiro semestre de 2013. Como reflicte o **cadro 1.4.14.**, xunto ao devandito saldo migratorio negativo Galicia presenta, ao igual que no ano 2012, o saldo vexetativo negativo máis elevado de todas as CC.AA.

## Movemento natural da poboación

A comentada estrutura demográfica de Galicia, caracterizada por un cada vez maior envellecemento da poboación, condiciona a existencia dun crecemento natural negativo, con baixas taxas de natalidade e altas taxas de defuncións (**cadro 1.4.15.**). Ao longo dos últimos dez anos o crecemento vexetativo mantívose sempre en valores negativos, rexistrándose no ano 2012 case 9.800 defuncións máis que nacementos, o que sitúa á comunidade galega como a que presenta o saldo vexetativo negativo máis acusado. Os datos provisionais do primeiro semestre do 2013 reflicten un saldo negativo similar ao do primeiro trimestre do ano anterior (–6.047 fronte a –6.067 do ano anterior), resultado dun descenso do 4,5% no número de nacementos e dun descenso do 3% no caso das defuncións.

A interdependencia entre natalidade e a xa mencionada estrutura poboacional condiciona a existencia dunha taxa bruta de natalidade en Galicia de 7,63 nacementos por cada 1.000 habitantes. Se a isto se lle une a existencia dunha taxa bruta de mortalidade superior a 11 falecidos por cada 1.000 habitantes, pódese concluír a existencia en Galicia dun proceso de marcada recesión demográfica.

Atendendo á súa evolución ao longo dos últimos anos, a taxa de nacementos ten unha evolución positiva no período 2003-2008, acadando neste último ano o seu nivel máis elevado, con 8,5 nacementos por cada 1.000 habitantes. A partir




Fonte: *IGE*

■ 1.4.15.

do ano 2008 ata o ano 2012 a taxa de nacementos baixa case un punto, situándose en 2012 nun nivel similar ao de 2004. A taxa de mortalidade en Galicia ascende no ano 2012 ata as 11,16 defuncións por cada 1.000 habitantes, o que supón a taxa máis elevada de toda a serie considerada.

Finalmente, cómpre facer referencia á diferenza entre a evolución dos nacementos en función da nacionalidade da nai. O número de persoas nacidas de nai española descende un 9,3% dende o ano 2008, pasando de 21.381 a 19.377 nacementos no ano 2012. No caso dos nacementos de nai estranxeira, no mesmo período de tempo a caída foi do 13,3%, pasando de 1.794 no ano 2001 a 1.556 no último ano. ■

# 1.5.

# PROCESO DE CONVERXENCIA

**Neste capítulo analízase o proceso** de converxencia de Galicia coas medias estatais e europeas. A modo de introdución amósanse as prioridades de financiamento e os obxectivos prioritarios que a programación comunitaria define para impulsar e contribuír á estratexia da UE para un crecemento intelixente, sostible e integrador, analizando os indicadores de converxencia coa media estatal, europea e a súa evolución.

O **cadro 1.5.1.**, elaborado a partir do Posicionamento dos servizos da Comisión sobre o desenvolvemento do Acordo de Asociación e de programas en España no período 2014-2020, reflicte as catro prioridades de financiamento, complementarias e que se reforzan mutuamente, así como os once obxectivos temáticos (comúns para as políticas de cohesión, desenvolvemento rural, marítima e pesqueira) e os principais retos e sectores de intervención.

## Converxencia

Ao longo dos últimos anos Galicia presenta unha progresiva redución da importancia relativa da súa poboación no total estatal, aumentando lixeiramente a participación do PIB a prezos de mercado (prezos correntes). Tendo en conta a evolución da ocupación no conxunto do Estado e en Galicia, no ano 2013 mantense o peso relativo do emprego galego sobre o total do Estado (**cadro 1.5.2.**).

En termos do PIB per cápita, a economía galega rexistra ao longo dos últimos anos un proceso de converxencia á media española. Este indicador sitúase no ano 2013 no 91,6% da media española, case 14 puntos porcentuais por riba do valor do ano 2000 e tres puntos máis que en 2008.

Por contra, en relación á media dos vinte e oito países europeos (UE=100), o PIB nominal por

**Prioridades de financiamento e obxectivos te**

| Prioridades de financiamento | Obxectivos temáticos | |
|---|---|---|
| • Aumentar a participación no mercado laboral e a produtividade laboral, así como mellorar a educación, a formación e as políticas de integración social, con especial atención aos mozos e os grupos vulnerábeis. | • Promover o emprego e favorecer a mobilidade laboral. | • Facilitar acceso persoas inactivas razón desexo, inc go e apoio á mob |
| | • Promover a integración social e loitar contra a pobreza | • Integración acti • Integración de c xitanos. |
| | • Investir en educación, mellorar as competencias profesionais e a aprendizaxe permanente. | • Reducir o aban dade de acceso a secundaria de ca |
| • Apoiar a adaptación do sistema produtivo a actividades de maior valor engadido mediante a mellora da competitividade das pemes. | • Mellorar o acceso a tecnoloxías da información e as comunicacións, así como o seu uso e calidade. | • Apoiar a utilizac empresas, con es minación dos obs • Fomentar o des planificación de r |
| | • Mellorar a competitividade das pemes, a agricultura, a pesca e a acuicultura. | • Promover o esp a explotación eco creación de nova • Facilitar o acces |
| | • Promover un transporte sostible e eliminar os estrangulamentos nas infraestruturas de rede fundamentais. | • Apoiar un espaz mediante o inves porte (RTE-E). |
| • Reforzar o sistema de I+D+i e os seus vínculos co sector privado. | • Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación. | • Mellorar infraes capacidade para promover centros rese europeo. • Fomentar os inv |
| | • Mellorar o acceso, o uso e a calidade das tecnoloxías da información e as comunicacións - parcialmente. | • Explotar os resu das ao mercado. • Fomentar a inno para mellorar a c der a novos merc • Fomentar o des |
| • Usar máis eficientemente os recursos naturais. | • Apoiar o cambio a unha economía con baixas emisións de carbono en todos os sectores. | • Fomentar a efic |
| | • Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos. | • Apoiar o investi tico. |
| | • Protexer o medio ambiente e promover a eficiencia no uso dos recursos. | • Abordar as sign sector dos residu ambiental. • Abordar as sign |
| | • Promover un transporte sostible e eliminar os estrangulamentos nas infraestruturas de rede fundamentais. | • Desenvolver sis medio ambiente e fomentar unha m |

**1.5.1.**

**máticos do Marco de Programación 2014-2020**

| Prioridades e obxectivos específicos | | |
|---|---|---|
| ao emprego dos desempregados e as , prestando atención ás diferenzas por cluso mediante iniciativas locais de empre- bilidade laboral. | • Garantir unha integración sostible no mercado laboral dos xóvenes que nin estudan nin traballan.<br>• Promover o espírito empresarial e a creación de empre- sas. | • Fomentar a adaptación ao cambio dos traballadores, empresas e os empresarios.<br>• Promover un envellecemento activo e saudable. |
| va. comunidades marxinadas, tais como os | • Mellorar o acceso a servizos accesibles, sostibles e de calidade, incluíndo atención sanitaria, servizos sociais de interese xeral, formación, orientación e asesoramento. | • Fomento da economía social e das empresas sociais.<br>• Estratexias de desenvolvemento a nivel local. |
| dono escolar temperá e promover a igual- a unha educación infantil, primaria e lidade. | • Mellorar o acceso á formación continua, a mellora das cualificacións e competencias da man de obra e a adecua- ción ao mercado laboral dos sistemas de educación e for- | mación, tamén para a agricultura, a pesca, a acuicultura e a silvicultura. |
| ción e adopción de TICs por parte das special atención ás pemes, mediante a eli- stáculos existentes para o seu uso. senvolvemento do comercio electrónico, a ecursos empresariais e a facturación elec- | trónica, para aumentar a produtividade e competitividade das pemes.<br>• Mellorar os coñecementos e competencias relacionadas coas TICs a través de estratexias de desenvolvemento de capacidades e da formación. Deberán adoptarse medidas | para estimular a demanda.<br>• Deberá darse prioridade aos intercambios electrónicos entre administracións, empresas e cidadáns, a fin de incre- mentar a eficacia administrativa, a transparencia e a calida- de do servizo. |
| írito empresarial, en particular facilitando onómica de novas ideas e impulsando a s empresas. so ao financiamento de novas empresas e | as pemes, en particular a través de instrumentos financei- ros reembolsables.<br>• Desenvolver novos modelos empresariais para as pemes, en particular con vistas á internacionalización. | • Promover cambios estruturais da economía mediante o desenvolvemento de novos modelos empresariais nas pemes, incluíndo os sectores agrícola e pesqueiro. |
| zo único europeo de transporte multimodal timento na Rede Transeuropea de Trans- | • Mellorar a mobilidade rexional mediante a conexión de nodos secundarios e terciarios á infraestrutura da RTE-E. | • Desenvolver sistemas de transporte respectuosos co medio ambiente e con baixas emisións de carbono e fomentar unha mobilidade urbana sostible. |
| truturas de investigación e innovación e a desenvolver a excelencia neste ámbito, e s de competencia, en especial os de inte- vestimentos empresariais en investigación | e innovación, desenvolvemento de produtos e servizos, transferencia de tecnoloxía, innovación social e aplicacións de servizo público, fomento da demanda, creación de redes, agrupacións e innovación aberta grazas a unha especialización intelixente. | • Apoiar á investigación tecnolóxica e aplicada, as liñas piloto, accións de validación precoz de produtos, capacida- des avanzadas de fabricación e primeira produción en tec- noloxías Facilitadoras Esenciais e difusión de tecnoloxías de uso xeral. |
| ultados da investigación ou estar orienta- ovación no sector das TIC como medida ompetitividade das empresas para acce- cados. senvolvemento de solucións baseadas nas | TIC en sectores non tecnolóxicos e desenvolver novos pro- dutos, procesos e servizos.<br>• Nas zonas rurais e costeiras mellorar o acceso aos servi- zos sanitarios e sociais e estimular un desenvolvemento local participativo mediante o fomento de iniciativas locais. | • Mellorar competencias nas TIC mediante o apoio a distin- tos niveis de alfabetización dixital e formación.<br>• Aumentar a asimilación e o uso dos servizos públicos dixitais.<br>• Investir máis na aplicación de servizos transfronteirizos de administración electrónica. |
| iencia enerxética. | • Fomentar a produción e distribución de fontes de enerxía renovable. | • Promover as redes de enerxía. |
| mento para a adaptación ao cambio climá- | • Fomento do investimento para abordar riscos específicos, garantindo a preparación ante catástrofes e o desenvolve- | mento de sistemas de catástrofes. |
| ificativas necesidades de investimento no os para satisfacer os requisitos do acervo ificativas necesidades de investimento no | sector da auga para satisfacer os requisitos do acervo ambiental.<br>• Protección da biodiversidade, protección do solo e fomen- to de servizos aos ecosistemas, incluíndo Natura 2000 e | infraestruturas ecolóxicas.<br>• Medidas para mellorar o entorno urbano, incluída a rexe- neración de zonas industriais abandonadas e a redución da contaminación atmosférica. |
| temas de transporte respectuosos co e con baixas emisións de carbono e obilidade urbana sostible. | | |




(1) PIB a prezos de mercado, prezos correntes (consulta: 02-04-2014); emprego: afiliados á Seguridade Social
Fonte: elaboración propia *CES-Galicia* a partir de datos do *INE*

1.5.2.

habitante acadou en 2011 (último dato dispoñible) un valor do 87%, a cifra máis baixa dende o ano 2006. Este indicador situábase nos 96 puntos no conxunto do Estado.

**• Converxencia coa media estatal**

A economía galega experimentou no ano 2013 un descenso menor á media española, cun decrecemento real do seu PIB a prezos de mercado do 1,1%, mentres que o rexistrado no conxunto do Estado foi do 1,2%.

O indicador PIB rexionalizable per cápita amosa que no último ano estimúlase o proceso de converxencia coa media española sendo Galicia unha das seis Comunidades Autónomas que converxen coa mesma. Este indicador acada en 2013, os 91,6 puntos (España=100), catro décimas superior ao rexistrado no ano anterior. Comparado coa situación do ano 2008, o PIB por habitante medra dende o 88,5% da media estatal ata o devandito 96,1%. Esta converxencia prodúcese tanto polo mellor comportamento relativo do PIB como polo efecto da caída da poboación.

Tras esta evolución, Galicia mantense un ano máis como a sétima Comunidade Autónoma co menor valor do PIB rexionalizable, tan só por riba do rexistrado en Estremadura (67,4% do valor español), Andalucía (74,8%), Castela-A Mancha (79,8%), Murcia (80,3%), Canarias (84,7%) e C. Valenciana (87,5%).

**• Converxencia coa media europea**

O produto interior bruto por habitante en Galicia experimentou no 2011 (último ano dispoñible) unha redución en relación ao ano anterior similar á media estatal, acadando un PIB per cápita equivalente ao 87% da media da UE-28 (93% no conxunto do Estado). Comparado co resto das CC.AA., Galicia mantense como a sexta Comuni-

## Converxencia das CC.AA. fronte a España e a UE 2000-13 (1)

| | Converxencia fronte a España | | | | | | | Converxencia fronte á UE | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | (PIB / habitante) | | | | | | | | | | | |
| | 2000 | 2008 | 2012 | 2013 | 13/00 | 13/08 | 13/12 | 2009 | 2010 | 2011 | 10/09 | 11/10 |
| | (media España=100) | | | | (variación absoluta) | | | (media UE-27=100) | | | (variación absoluta) | |
| Andalucía | 73,7 | 77,0 | 75,1 | 74,8 | 1,1 | -2,2 | -0,3 | 79 | 75 | 73 | -4 | -2 |
| Aragón | 104,5 | 111,2 | 111,3 | 111,0 | 6,5 | -0,2 | -0,3 | 114 | 110 | 108 | -4 | -2 |
| Asturias | 83,6 | 93,7 | 93,6 | 92,4 | 8,9 | -1,3 | -1,2 | 96 | 93 | 91 | -3 | -2 |
| Baleares | 123,2 | 107,4 | 105,8 | 105,2 | -17,9 | -2,2 | -0,6 | 109 | 104 | 101 | -5 | -3 |
| Canarias | 94,8 | 85,8 | 84,9 | 84,7 | -10,1 | -1,1 | -0,2 | 87 | 84 | 82 | -3 | -2 |
| Cantabria | 93,5 | 96,9 | 97,3 | 96,7 | 3,2 | -0,2 | -0,6 | 100 | 96 | 94 | -4 | -2 |
| Castela e León | 90,5 | 94,5 | 98,7 | 98,2 | 7,7 | 3,7 | -0,5 | 99 | 96 | 95 | -3 | -1 |
| Castela-A Mancha | 78,6 | 81,7 | 79,4 | 79,8 | 1,2 | -1,9 | 0,5 | 83 | 79 | 77 | -4 | -2 |
| Cataluña | 121,8 | 115,8 | 118,5 | 119,7 | -2,2 | 3,9 | 1,2 | 120 | 116 | 113 | -4 | -3 |
| C. Valenciana | 96,5 | 91,0 | 87,4 | 87,5 | -8,9 | -3,4 | 0,1 | 91 | 88 | 85 | -3 | -3 |
| Estremadura | 63,7 | 68,4 | 67,9 | 67,4 | 3,8 | -1,0 | -0,4 | 72 | 69 | 67 | -3 | -2 |
| Galicia | 77,7 | 88,5 | 91,2 | 91,6 | 13,9 | 3,0 | 0,4 | 92 | 90 | 87 | -2 | -3 |
| Madrid | 136,0 | 129,7 | 129,7 | 129,8 | -6,2 | 0,1 | 0,1 | 137 | 129 | 126 | -8 | -3 |
| Murcia | 83,9 | 85,3 | 80,9 | 80,3 | -3,5 | -4,9 | -0,5 | 86 | 83 | 79 | -3 | -4 |
| Navarra | 127,3 | 125,4 | 127,8 | 127,3 | 0,0 | 1,9 | -0,5 | 130 | 126 | 124 | -4 | -2 |
| País Vasco | 122,5 | 129,7 | 134,8 | 134,5 | 11,9 | 4,8 | -0,3 | 134 | 131 | 130 | -3 | -1 |
| A Rioxa | 113,9 | 110,5 | 113,0 | 113,5 | -0,4 | 2,9 | 0,5 | 113 | 110 | 109 | -3 | -1 |
| Ceuta | 85,2 | 88,0 | 84,5 | 84,3 | -0,9 | -3,7 | -0,2 | | | | 0 | 0 |
| Melilla | 84,4 | 81,6 | 74,9 | 73,7 | -10,6 | -7,9 | -1,2 | | | | 0 | 0 |
| Total | | | | | | | | 103 | 99 | 96 | -4 | -3 |

(1) converxencia en termos de PIB por habitante; datos 2012 son provisionais; datos 2013 son primeira estimación
(consulta: 01-04-2014)
Fonte: *INE* e *Eurostat*

**1.5.3.**

## Converxencia de Galicia e España fronte a UE-28 2000-11 e Galicia fronte a España 2001-13 (1)




(1) converxencia en termos de PIB por habitante; UE-28=100
(consulta: 28-04-2014)
Fonte: *Eurostat*

**1.5.4.**

## Converxencia das CC.AA. en relación á media comunitaria (UE-28) 2011




Fonte: elaboración propia *CES-Galicia* a partir de datos de *Eurostat*

**1.5.5.**

## Principais indicadores da Estrategia Europa 2020

| | Unidade | Data | Galicia | España | UE-28 | Obxectivo 2020 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Taxa de ocupación de poboación entre 20 e 64 anos** | *(%)* | 2009 | 66,1 | 63,7 | 68,9 | 75% |
| | | 2013 | 59,6 | 58,2 | 68,3 | |
| **Gasto interno en I+D / PIB** | *(%)* | 2009 | 1,01 | 1,39 | 2,01 | 3% |
| | | 2012 | 0,88 | 1,30 | 2,07 | |
| **Emisións de gas efecto invernadoiro** | *(1990 = 100)* | 2009 | 97,8 | 130,1 | 83,8 | menor de 80 |
| | | 2011 | 98,1 | 126,4 | 83,1 | |
| **Peso de fontes de enerxía renovable no consumo final de enerxía** | *(%)* | 2009 | | 13,0 | 11,9 | 20% |
| | | 2012 | | 14,3 | 14,1 | |
| **Abandono educativo temperá** | *(% poboación 18-24 anos)* | 2009 | 26,0 | 31,2 | 14,2 | por baixo do 10% |
| | | 2013 | 20,4 | 23,5 | 11,9 | |
| **Poboación 30-34 anos con formación acadada educación terciaria** | *(%)* | 2009 | 43,5 | 39,4 | 32,1 | alomenos 40 |
| | | 2013 | 42,4 | 40,7 | 36,8 | |
| **Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (1)** | *(%)* | 2009 | | 26,7 | 23,7 | |
| | | 2012 | 23,6 | 27,3 | 24,8 | |
| **Taxa de risco de pobreza despois de transferencias sociais (1)** | *(%)* | 2009 | 14,3 | 21,4 | 16,5 | |
| | | 2012 | 16,4 | 20,4 | 16,9 | |

**(1) Os datos da UE-28 corresponden ao ano 2011**

Fonte: *IGE* e *Eurostat*

**1.5.6.**

dade co menor índice, superando novamente a Estremadura (67%), Andalucía (73%), Castela-A Mancha (77%), Murcia (79%) e Canarias (82%).

Os datos recollidos no **cadro 1.5.3.** indican que o proceso de converxencia non se produciu coa mesma intensidade nas distintas Comunidades Autónomas. O PIB per cápita de Galicia mellora en 11 puntos entre os anos 2000 e 2011, situándose como a Comunidade Autónoma con maior grado de converxencia xunto co País Vasco. Se a comparación se fai co ano 2007, ano no que comeza a crise económica, o **cadro 1.5.5.** amosa que Galicia se sitúa como a terceira Comunidade con menor diverxencia, superada tan só polo País Vasco e Castela e León. A nivel estatal, o PIB per cápita en 2011 (UE-28 = 100) é dous puntos inferior ao do ano 2000, elevándose esta diferenza ata os oito puntos se a comparación se fai co ano 2008.

Finalmente, cómpre mencionar os principais indicadores da Estratexia Europea 2020, que fan referencia ao mercado de traballo, esforzo investidor, medio ambiente e cambio climático, formación e benestar social e calidade de vida. O **cadro 1.5.6.** recolle os últimos datos dispoñibles e a súa situación coa situación no ano 2009.